Entroido 2023

Cantares do Entroido

Proxecto CORGORAL

Concello do Corgo

Estudo introdutorio

por *LOIS LADRA*

As coplas do entroido no Corgo: 1945-2022

Con anterioridade ás profundas mudanzas introducidas pola globalización na celebración do Entroido, o certo é que, na Galiza, esta sempre foi unha festa con unha tripla vertente lúdica: a do vestido, a da palabra e a da comida. Deste xeito, durante o Entroido cambiamos a indumentaria para disfrazármonos e semellar o que non somos (alteración dos roles sociais), recitamos alegres cantigas para divertírmonos (abandonando a seriedade do traballo cotián) e cometemos os máis variados excesos gastronómicos (matando a fame e celebrando simbolicamente a fartura). Velaí os tres grandes segredos da festa popular por antonomasia. Parafraseando a algúns esgrevios etnógrafos, poderíase dicir que o máis tipicamente carnavalesco é «organizar a sátira contra autoridades e individuos» (Caro Baroja, 1984: 92), pois o Entroido é «unha apoteose festiva que a través de certos símbolos e rituais trata de destruír circunstancialmente a normativa sociocultural dominante» (González Reboredo e Mariño Ferro, 1987: 21).

Desta feita non imos falar dos disfraces nin dos pratos típicos destas datas; no entanto, si encetaremos unha breve análise da tradición oral popular en forma poética asociada á celebración do Entroido: cantos, cantares, cantigas, coplas, desafíos… Xa pasou o ciclo natalicio e moi cedo chegará o ciclo pascual, pero, mentres tanto, gocemos do ciclo festivo do Entroido.

Por todas partes triunfa a vontade lúdica e festeira da musa popular, aproveitando a ocasión para axustar metaforicamente contas pendentes, para criticar aos que ousaron transgredir as convencións socialmente establecidas e para poñer a todo o mundo no lugar que debe ocupar o cosmos ordenado fronte ao caos destrutivo. Na Galiza toda, do Miño a Ortegal e do Courel a Fisterra, os cantares do Entroido amósanse como a cerna da expresividade lírica popular, que aproveita estas senlleiras datas para render culto á ledicia común de, un ano mais, aínda estarmos vivos.

Xa desde os tempos do Padre Sarmiento, os especialistas na materia insisten no feito de que a musa popular inspira preferentemente ás mulleres como compositoras e autoras da nosa lírica poética, pois son elas as que fan as coplas e inventan os tons correspondentes (NÚÑEZ, 1894: 13). Sabemos tamén que, entre os séculos XIII e XIV, foron moi populares e incisivas na área galaico-lusitana as *cantigas d'escarnho e maldizer* (LAPA, 1965), claros antecedentes do chamado «sermón burlesco en verso», posteriormente común a outras líricas europeas, entre elas a castelá, a inglesa, a francesa e a italiana do século XV (PERIÑÁN, 1986: 339-340).

Sexa como for, o certo é que o pobo sempre aclamou a enxebreza, a inocencia e a espontaneidade de obras literarias «cultas» directamente inspiradas na musa popular, como poden ser os *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (1863) ou os homónimos de Manuel Leiras Pulpeiro (1911).

As **coplas do Entroido** forman parte dun amplo conxunto de producións poéticas conformado polos discursos típicos da crítica social e da sátira popular: sermóns, ferretes, apropósitos, bandos, testamentos de animais, farsas… Son irmás das italianas *prediche di carnevale* e das coplas do maio. Calquera ocasión festiva servía de desculpa para cuestionar as actitudes antinormativas e os comportamentos antisociais, tanto dos

individuos particulares como das elites. Por iso non resulta estraño que moitas veces teñan sido obxecto de censura previa, sistemática e represora, por parte de institucións e autoridades diversas, entre as que destacan os gobernos civís (Mosquera, 1997: 149-150).

Ao longo dos últimos cen anos, diversos etnógrafos teñen recollido en varias localidades galegas a tradición oral das coplas do Entroido como nidia proba do enxeño popular á hora de encetar composicións poéticas dotadas de elevadas doses de inocencia, espontaneidade, espírito crítico e frescura (*cfr.*, *inter alia*, Tenorio, 1914: 124-125; Fraguas, 1946: 435-457; Dasairas, 1990: 97-108, 121-124 e 151-152; Cobas, 2011).

Por outra banda, convén non esquecer que este espírito crítico, típico das coplas do Entroido, tamén o podemos atopar noutras composicións poéticas análogas, como poden ser as cantigas do Maio (Paz, 2004: 141-165). Asemade, as coplas satíricas poden ser interpretadas de xeito individual ou grupal; no caso do Entroido, estas agrupacións corais poden recibir os nomes de murgas, folións, comparsas, charangas, rondallas…

A primeira **cantiga do entroido** da que temos noticia no concello do Corgo foi recollida de viva voz entre os veciños da parroquia de Queizán, no mes de setembro do ano 1984. O seu colector —un mozo da parroquia, daquela estudante no seu derradeiro ano na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela— gravouna cun magnetófono e posteriormente transcribiuna para fixala por escrito na súa flamante tese de licenciatura (Castro Castedo, 1986: 112). A canción fora composta nos difíciles tempos da ditadura franquista, contra o ano 1945, polo mestre Jesús Rodríguez Álvarez, *Jesús de Xorxe*, pai de Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, tamén profesor.

A popularidade que rapidamente acadou esta canción foi tal que, malia ter sido prohibida polas autoridades, permaneceu na memoria das xentes e foise transmitindo oralmente entre os veciños de xeración en xeración, no ámbito doméstico e familiar, ata os nosos días. Boa proba disto témolo no feito de que varias persoas a recolleron en diferentes versións e formatos ao longo das décadas de 1980, 1990, 2020… Probablemente hoxe se teña perdido o texto escrito orixinal, pois a primeira transcrición desta cantiga é a de tipo fonético, que realizou o devandito filólogo no ano 1986. O recitado oral que serviu de modelo para a

fixación por escrito desta cantiga débese a un veciño de Queizán: o señor Montero, que a cantou cando contaba setenta e sete anos. Velaí a nosa transcrición adaptada:

«*I-o Entruido* xa vai vello,
xa vai cheo de *arrautar*-e.
I-aorá, de acabadiño,
deulle o routo de *casar-e*
cunha nena do seu tempo
que é boa de *consolar-e*.
-
Hoxe casou o *Entruido*,
o *Entruido* de *Queizán-e*,
cunha nena moi bonita:
a Pascua de San *Xulián-e*,
que lle gustan *muito* os ovos
e ben sabe *donde* os *hai-e*.
-
Casáronse na cociña.
Seique o cura foi o lume,
de *testigos* os trespés,
o *morillo* e mailo fume.
I-amarradiños quedaron
i-aora quen os desune?
-
De padriño foi don dente,
de madriña a cachola
i-acompañan os *chorizos*
mezcladiños con filloas
untadas cun pouco *mel-e*,
que che estaban *muito* boas.
-
Seique lle deron de dote
unha cestiña *prós* ovos,
feita de pelo encrespado
que volve aos homes tolos!
I-aos solteiros, *i-aos* casados,
i-aos velliños e mais novos!»

A segunda versión coñecida desta copla foi recollida en Tórdea (Castroverde) polo neto da recitadora Manuela Castro Rodríguez, natural de Queizán, que contaba con setenta e dous anos (Castro Ramos, 1995). Velaí, a transcrición adaptada:

«O *Antroido* xa vai vello,
xa vai cheo de aguantar;
e agora de acabadiño
deulle o rauto de casar.
-
E casouse na cociña.
Seique o cura foi o lume,
de *testigos* os trespés,
o *morillo* e mailo fume.
Amarradiño quedou
e agora, quen o desune?
-
De padriño foi o dente,
de compaña os chourizos
mezcladiños con filloas,
untadas cun pouco mel,
que che estaban *moito* boas.
-
Non nos deron os cigarros
para quentar o fuciño,
que nos deron, dun pelexo,
uns bos tragos dese viño
que trouxeron do Ribeiro
pra quentar aquel velliño.
-
Ai lalelo, ai lalala!
Ruxe ruxe, pandeiriño,
que *sepan* que non calache,
que aínda che dura o folgo,
que non che entrou a friaxe,
que tes viño do Ribeiro
que che dá boa fogaxe.»

Existe aínda unha terceira versión, con letra e partitura, recollida en Guitiriz a Rufina Gómez Ferreiro, natural de Queizán (Rivas e Iglesias, 1998: 213-214):

«O *Antroido* xa vai vello,
xa vai cheo de *arroutar-e*.
E agora, de acabadiño,
veulle o arrouto de *casar-e*
cunha nena do seu tempo
que o ha de *consolar-e*.
-
Hoxe cásase o *Antroido*,
o *Antroido* de *Queizán-e*,
cunha nena do seu tempo:
ca pascua de San *Xulián-e*.
Que lle gustan moito os ovos
e ben sabe *donde* os *hai-e*.
-
Casáronse na cociña.
Seica o cura foi o lume,
de *testigos* os trespés,
o *morillo* e mailo fume.
E amarradiños quedaron,
e agora, quen os desune?
-
De padriño foi don Dente,
de madriña a Cachola
e acompañan os *Chorizos*,
mezcladiños con Filloas,
untadas cun pouco Mel-e
que che estaban *moito* boas.
-
Seique lle deron de dote
unha cestiña *prós* ovos
feita de pelo encrespado
que volvía aos homes tolos,
aos solteiros e aos casados
e aos velliños e aos mais novos.»

As diferentes versións desta **cantiga do Entroido de Queizán** permítennos afirmar que, malia as prohibicións derivadas dun réxime ditatorial que impoñía políticas activas claramente contrarias ao dereito á liberdade de expresión, a musa popular soubo idear diversos xeitos e maneiras de superar todas as dificultades históricas que se viu obrigada a combater.

Outra cantiga diferente, pero tamén do entroido corgués, témola na serie de coplas que conforman unha **xota petitoria**, datable con posterioridade ao ano 1945, que tamén recitou no outono do 1984 o Sr. Montero de Queizán (Castro Castedo, 1986: 113):

«Mira *pó* patrón da casa (bis)
como corre xa co viño.
Queira *Dios* que chegue a vello (bis)
pero a vello *mui* velliño.
R:
Afina a gaita! *Trai* a pandeira!
E tocaremos e bailaremos a muiñeira!
-
I-as rapaciñas da casa (bis)
sei que teñen *muito* pico.
Todo o gastan en pinturas (bis)
non nos dan un *perro-chico*.
-
Nenas que tedes furado
o zapato por atrás.
Anque o *sepa* a vosa *mai*,
non llo *digáis* ao rapaz (bis)
que está furado de atrás.
-
Quen vos vería rapazas,
quen vos vería *rabear*…
Se me *vírades* o *chifle*
pa collelo e *chiflar* (bis).
-
E *chiflar* por adiante…
e *chiflar* por atrás!
-

Ben cho vin o outro día,
que me *enseñache* o refaixo.
O que tiñas mais arriba…
e o que tiñas mais abaixo (bis).
Mais abaixo do refaixo!»

Esta cantiga chegou a Castroverde, onde foi recollida, aínda que de forma mais extensa e co retrouso intercalado entre copla e copla (Castro Ramos, 1995):

«Aquí vimos estes mozos (bis)
disfrazados con bigote.
Habemos tocar a *jota* (bis)
e hannos *enseñar* os potes.
R:
Afina a gaita! Trae a pandeira!
E tocaremos e bailaremos a muiñeira!
-
Un *pedazo* da cachola (bis)
que nos ha de dar a ama.
Pra non ser unha famenta (bis)
con esta *carnavalada*.
-
A da casiña de enfrente (bis)
esa si que foi honrada!
Que nos deu *unhes* chourizos (bis)
pra facer unha empanada.
-
Os rapaciños da casa (bis)
seique teñen moito pico:
Todo o gastan en pinturas (bis)
non nos dan un *perro-chico*.
-
Mira *pó* patrón da casa (bis)
como corre xa co viño.
Queira *Dios* que chegue a vello (bis)
pero a vello *mui* velliño.
-

Para divertir a xente (bis),
por *eso* nós o facemos.
Se a casa se porta ben (bis)
para outro ano volveremos.»

Nós mesmos tivemos a oportunidade de ouvir unha terceira versión desta «carnavalada» en Xaneiro do 2021 na Casa de Amaro, en Queizán, onde pouco antes de morrer nola cantou así Carmen Rodríguez Rodríguez:

«Aquí vimos estes mozos (bis)
disfrazados con bigotes.
I-hemos de tocar a jota (bis)
e hanos de *enseñar* os potes.
-
E afina a gaita! *Trai* a pandeira!
E tocaremos e *beilaremos* a muiñeira!
-
I-on pedazo da cachola (bis)
que nos vai a dar a *i-ama*.
Pra non ser unha famenta (bis)
con esta *carnavalada*.
-
Mira *pó* patrón da casa (bis)
como corre xa co viño!
Dios queira que chegue a vello (bis)
pero a vello moi velliño!
-
E as rapazas desta casa (bis)
todas teñen moito pico.
Todo o gastan en pinturas (bis)
non nos dan un *perro-chico*.»

Malia o feito de que unha das singularidades da literatura popular é o seu teórico carácter anónimo (Blanco, 1992: 9), o certo é que todas estas coplas do Entroido tiveron orixinalmente un autor ou autora coñecido, pois trátase case sempre de «expresións verbais con numerosos textos debidos polo xeral a persoas individuais, posteriormente colectivizados pola comunidade» (González Reboredo e Mariño Ferro, 1987: 73).

Por sorte para nós, aínda a comezos deste século unha pequena parte de toda esta literatura popular carnavalesca está a ser recollida, transcrita e impresa en diversos traballos (Ladra, 2003; Cobas, 2011; De Santiago, 2017…).

A forma poética claramente predominante nestas composicións é a da **cuarteta ou copla popular**, con rima asonantada preferente nos versos octosílabos pares. Este tipo foi definido xa desde os tempos de Martín Sarmiento como auténtico «paradigma do idioma» e «xenuína poesía popular no seu sentido máis estrito» (Blanco, 1992: 20 e 68).

Nestas coplas lúdicas e festivas, moitas veces «vale calquera tema, calquera música e calquera calidade», con tal de pasalo ben e correr o entroido (Cocho, 1990: 229). Nalgunhas ocasións coñecemos o nome ou a alcuña dos compositores orixinais destas cantigas. Trátase frecuentemente de **vates populares**, que actúan como auténticos **fistores do Entroido**. Son, por citar tan só algúns exemplos, os casos do canteiro Manuel Caramés (Fraguas, 1946), do Marqués de Pibela (Cocho, 1990: 228-230), de «Nito» Santiago Álvarez (De Santiago, 2017: 15-17) e dos veciños do Corgo que arestora nos ocupan: Jesús Rodríguez Álvarez ou «Jesús de Xorxe» e o seu fillo, Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, ambos pertencentes a unha sobranceira familia de mestres e ambos dotados dun don especial para a creatividade compositiva, moi enxeñosa e con perspicaces dobres sentidos (Mariño, 1995).

A Casa de Xorxe ofrécenos así dúas xeracións de poetas populares que reflicten canonicamente algunhas das principais mudanzas operadas nos últimos cen anos na celebración sempre lúdica e colectiva do entroido, especialmente no relacionado coa pasaxe das coplas dun carnaval rural, itinerante e con propósitos basicamente petitorios (cantar casa por casa para obter en troca diso alimentos) a unha recitación urbana moderna, estática e de carácter exclusivamente satírico (cantar para manifestar certas críticas).

Se no primeiro caso estamos perante **carnavaladas tradicionais atemporais**, no segundo atopámonos con **modernas comparsas datábeis** perfectamente grazas ás referencias concretas do seu contido. O mesmo acontece con textos de orixes semellantes, creados por comparsas coma *Os Calaveras* ou *Os Rexumeiros* de Elviña, *Os Maleantes* de Sada, *Os Meiguiños* de Fontán… A crítica está, sempre, moi ben situada no seu tempo.

As coplas orixinais de Jesús de Xorxe, grazas a un continuo proceso de transmisión intergrupal e interxeneracional, pasaron a ser consideradas como cantigas populares (Cabanillas, 1951), chegando ata o día de hoxe en distintas versións aínda recitadas de viva voz polos corgueses de maior idade.

As composicións de Xurxo de Xorxe testemuñan hoxe a permanencia no tempo e a plena vixencia da tradición oral das coplas do Entroido no concello do Corgo, aínda que no século XXI se refiran principalmente á realidade cotiá do CPI Ramón Piñeiro, onde imparte aulas, así como á realidade política contemporánea. Agora, ao pasaren a formato impreso, fican conservadas nun soporte duradeiro, para poder así permanecer no tempo e servir de referencia espacial, cronolóxica e cultural ás xeracións futuras. A sabedoría dos vellos patrucios sempre afirmou que para saber cara a onde imos hai que saber primeiro de onde vimos.

E dito isto… viva hoxe e sempre o Entroido!

O Corgo, febreiro do 2023

Bibliografía

Blanco, D. (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. 2 vols. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. «Universitaria».

Blanco Conde, X. (2000): *Laza, o entroido enxebre*. Ourense: Imprenta da Deputación Provincial.

Cabanillas, R. (1951): *Antífona da cantiga*. Vigo: Galaxia.

Caro Baroja, J. (1984): *El carnaval. Análisis histórico-cultural*. 2ª Ed. 2ª Reimp. Madrid: Taurus.

Castro Castedo, X. M. (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*. Tese de licenciatura inédita, USC, Facultade de Filoloxía.

Castro Ramos, Á. (1995): «Cantigas de Antroido». *Sementeira* [Revista escolar do Colexio Público de Castroverde], 19, s. p.

Cobas, E. (2011): *Cantares e desafíos do Entroido*. Santiago de Compostela, Meubook S. L.

Cocho, F. (1990): *O carnaval en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. «Universitaria».

Dasairas, X. (1990): *O Entroido en terras de Monterrei*. Vigo: Edicións do Cumio, Col. «Etnografía».

De Santiago, A. (2017): *O apropósito coruñés. Unha ollada desde dentro*. A Coruña: Concello.

Fraguas, A. (1946): «Máscaras y sermones de carnaval en Cotobade». *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, II, 3: 435-457. Traducido e reeditado no ano 1994 en *Do Entroido*. Compostela: Museo do Pobo Galego, Col. «Alicerces», 6.

González ReboredO, X. M. e Mariño Ferro, X. R. (1987): *Entroido en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial.

Ladra, L. (2003): «Recuperando a nosa memoria: o castro de Elviña nas coplas populares». *Boletín da Asociación de Amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña*, 5: 9-11.

Lapa, M. R. (1965): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Vigo: Galaxia.

Mariño, X. R. (1995): *O sexo na poesía popular*. Vigo: Edicións do Cumio, Col. «Documenta», nº 6.

Mosquera Lavado, B. (1997): *La música popular en A Coruña (1850-1936)*. Oleiros: Vía Láctea Editorial.

Núñez González, M. (1894): *La poesía popular gallega*. Madrid: Imprenta de Enrique F. de Rojas.

Outeiro, M. (2011): «Recollida do patrimonio inmaterial do Corgo: unha materia pendente». *Corga*, 2: 82-95.

Paz, X. [Coord.] (2004): *Levántate, maio*. Ourense, Foro dos Maios de Ourense e Concello de Ourense, Col. «Auria», nº 8.

Periñán, B. (1986): «Sobre el sermón burlesco en verso», en *Philologia hispaniensia in honorem Manuel Alvar*, vol. 3: 339-354.

Rivas, X. L. e Iglesias, B. (1998): *Cantos, coplas e romances de Cego (I)*. Lugo: Ophiusa.

Tenorio, N. (1914): *La aldea gallega. Estudio de derecho consuetudinario y economía popular*. Cádiz: Imprenta de Manuel Álvarez.

Criterios de edición das cantigas do entroido

Por *XOSÉ MANUEL CASTRO CASTEDO*

As cantigas están organizadas por ano de edición, como se reflicte no índice, e o formato de cada páxina vai a dobre columna en letra Cambria tamaño 11. Realizamos as correccións ortográficas adaptándoas ao galego estándar. Por se tratar dun texto poético, as correccións morfo-sintácticas e léxicas non poden alterar a propia estrutura da copla. Por iso se respectan os castelanismos necesarios para manter a métrica ou a rima características deste xénero literario. Moitas veces os castelanismos cumpren un valor estilístico en si mesmos e axudan á retranca e á crítica inherente á literatura carnavalesca. A modo de mostra temos a famosa frase de Rajoy «salvo en alguna cosa». Tamén se respecta o castrapo elixido polo autor para a crítica social, por exemplo cando se refire ao efecto das «Tanxugueras» provocado en certa sociedade españolista.

O Corgo, febreiro do 2023

Coplas do entroido

por *XURXO XOSÉ RODRÍGUEZ LOZANO*

ÍNDICE

Coplas do entroido - Ano 2010 17

Coplas do entroido - Ano 2011 19

Coplas do entroido - Ano 2012 22

Coplas do entroido - Ano 2013 26

Coplas do entroido - Ano 2014 30

Coplas do entroido - Ano 2015 35

Coplas do entroido - Ano 2016 38

Coplas do entroido - Ano 2017 42

Coplas do entroido - Ano 2018 47

Coplas do entroido - Ano 2019 51

Coplas do entroido - Ano 2020 54

Coplas do entroido - Ano 2021 57

Coplas do entroido - Ano 2022 62

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2010

Xa vos pasou outro ano,
profesores do «Piñeiro»...
aí vos vén o entroido
que é bastante trapalleiro.

Non me gusta andar a contos
nin son ningún lareteiro,
pero, antes de empezar,
deixádeme beber primeiro.

É costume, nestas datas,
criticar e criticar;
eu vou ser moi comedido
polo que poida pasar.

Como é a directora,
empezarei pola Rita,
que anda de aquí para alá
escallando coma as pitas.

Eu non sei de que se queixa,
ten profesores moi bos;
se nos vendera na feira
dábanlle dous patacóns.

Seguindo coa xerarquía,
tócalle ao Xefe de Estudos,
o Carlos, para entendernos,
o que está sempre no «zulo».

E iso que, ultimamente,
nin sequera alí o pillas,
anda sempre atarefado
co asunto das taquillas.

Despois vénvos o Manolo,
que, polo menos, fai viño,
di que vai podar as cepas
e pérdese polo camiño.

O Secretario é moi cuco,
para iso é concelleiro,
fainos grandes orzamentos,
nunca vemos o diñeiro.

O conserxe vai tirando,
ou sexa, nin fu nin fa;
dende que é pai de familia
non sabe ben onde está.

Á que comen os papeis
évos á administrativa;
con isto do comedor
non sei como aínda está viva.

Tamén temos cociñeiras,
de deseño e moito empaque,
iso que, polo Nadal,
queimaron o chocolate.

No tocante aos profesores,
a verdá, non damos golpe,
algúns só vimos ás clases
por facer algún deporte.

Eu, como son mestre raso,
estou co profesorado,
porque non quero tirar
pedras contra o meu tellado.

Algunhas, as de Infantil,
sonche profesoras finas,
e pasan todo o recreo
pelando nas mandarinas.

Viñeron uns cantos novos,
xa veremos o que fan…
de momento, non sabemos,
aínda os temos que invernar.

Polo demais, o Colexio
segue no mesmo lugar,
xa fixemos o magosto,
xa pasamos o Nadal.

Por certo, o profesorado
devécese por cantar,
así que para demostralo
fixeron unha coral.

Moitas voces femininas
(non vos son moito acolá)
Nós chufámolas, pobriñas!
que se poden estresar.

No tocante ás masculinas,
os tenores e barítonos,
sonvos como o Pavarotti
mailo Plácido Domingo.

O coro ten moito éxito,
o público dános calor,
eu penso: onde estariamos
en tendo un bo director?

Temos un conselleiro fino
(no meu carro non vai á misa)
que nos quere gobernar
a golpe de enquisa e enquisa.

Eu son un mestre trilingüe,
eu son un mestre «cordial»
e falareivos na lingua
na que me manden os pais.

Aínda que non vexo ben,
non estou de todo cego,
e estouvos moi cabreado
co Decreto do galego.

Pero agora, compañeiros,
corra o lacón e o botelo,
veña para acó esa cachucha,
que o entroido hai que correlo.

E mirade pró Manolo
como corre xa co viño…
Queira Deus que chegue a vello,
pero a vello moi velliño!

Esquecédevos de todo,
correde ben o entroido
e coidado cos cocidos
que tras dun ano vén outro.

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2011

Por fin chegou o entroido,
meus prezados compañeiros,
e ímolo celebrar,
somos do Ramón Piñeiro.

Por fin chegou o entroido
e vén algo preguiceiro;
para lervos estas coplas
preciso os lentes primeiro.

Xa sabedes que esta época
é de moito criticar,
así que pido perdón
polo que poida pasar.

Moi axiña pasa o tempo
neste mundo mentireiro,
celebramos outro entroido
e co mesmo conselleiro.

Menos mal que os tribunais
acordáronse de nós;
xa non somos ilegais,
comemos no comedor.

E somos autoridades,
máis ca xuíces e notarios;
agora xa só nos falta
homologar os salarios.

Tivemos un forte andazo
durante o curso pasado
que acabou cos profesores
afectados de lumbago.

Mantemos a tradición
das visitas ao Courel.
Que ben frite as troitas Lidia
coa tixola de Javier!

No tocante ao cachondeo,
continuamos coa coral,
pero máis dun profesor
empézase a escaquear.

Andamos atarefados
co do proxecto Abalar,
e, por moito que abalamos,
non caen peras nin mazás.

Isto dos ordenadores
évos cousa del demonio;
nós prememos os botóns
e tolea Xosé Antonio.

Xa nas aulas non hai sitio
para tanta tecnoloxía:
están cheas de pizarras
a cabalo das taquillas.

Hainas de plástico fino
para usar rotulador;
son as que prefire Roda
porque el é todo un señor.

O último grito da moda
é a pizarra dixital,
que vai ser a repanocha
cando a saibamos usar.

E van quedando anticuadas
aquelas de toda a vida,
que son as que utilizamos
os nostálxicos da tiza.

Hai que ter moito coidado
cos vasiños do café;
mirade onde os tirades
que vos vén aí Raquel.

Pois agora, a directora
di que quere abandonar;
xa lle era moita hora
que é moi mala de aguantar.

Polos anos de desvelos,
témola que agasallar
cun cruceiro no Caribe
pola Habana e Panamá.

Imos co Xefe de Estudos,
falo do de Secundaria,
que volveu ter outro fillo
alá pola Candelaria.

Témoslle que dicir algo,
aínda que non é cousa nosa;
vai camiño de meterse
na familia numerosa.

E que dicir do Manolo,
o capataz da Primaria;
xa poden tremer as troitas
coa xubilación voluntaria.

Como terá moito tempo,
o menú vainos cambiar
e comeremos os martes
anguías de Belesar.

Regarémolas co branco
(francés, xerez e godello)
e, se quedamos con fame,
empanada de coello.

As que vos viven moi ben
sonvos as de Infantil;
andan sempre de paseo
polo patio e o xardín.

O conserxe e o Miguel
metéronse a directivos
dun equipo virtual
con xogadores cedidos.

En canto chega o recreo,
vese unha gran fumareda;
son Montse, Susana e Inma
fumando cara a Maceda.

Outra novidade máis:
A Sonia ten casa nova,
e pasa o fin de semana
sachando os allos da horta.

Pacita tampouco falta,
sempre foi moi cumpridora,
anda de festa en festa,
e non vai cambiar agora.

Eu ben sabía que viña,
refírome á Pacita;
en habendo unha cacheira
non renuncia nunca á cita.

Como pasa cada ano,
renovamos a plantilla;
moita rapazada nova
que non matan unha pita.

Tamén os hai veteranos,
hainos do Barça e Madrid,
interinos, substitutos,
cada un do seu país.

Tamén os temos con barbas,
e con coletas no pelo,
que veñen ata do circo
de traballar no trapecio.

Aínda está o orientador,
o noso pakistaní,
que anda sempre controlando
a botella do Nestí.

E non direi moito máis
aínda que podo dicilo;
deixaremos aos que quedan
para o próximo cocido.

Así que, agora, rapaces,
hai que correr o entroido.
E, coma sempre, lembrade,
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, 4 de febreiro do 2011.

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2012

Ai, compañeiros do centro!
Ai, amiguiños queridos!
Xa chegamos a outro Entroido
cos salarios reducidos.

Puxéronnos na picota
por radio e televisión,
pois temos un posto fixo
e acabamos coa nación.

Son tempos de austeridade,
seica non hai nin un peso,
e as nosas autoridades
xa comen o pan reseso.

Por iso hai que dar exemplo,
persoal dos comedores;
todos sodes voluntarios
como colaboradores.

E, cando a xente se aburra
de atender no comedor,
imos á empresa privada
que nos é moito mellor.

A cousa debe andar mal,
Dígovolo eu, olliño!
porque agora non nos dan
nin un vasiño de viño.

Para ser autoridades,
sómosche ben pouca cousa;
aplican a austeridade
e, tras dunha, vénnos outra.

Segundo din os expertos,
teñen a culpa os mercados,
e parece máis doado
meterse cos funcionarios.

Temos que ser solidarios,
hai que traballar máis horas,
rematouse o que se daba,
rematouse a sopa boba…

Profesoras de infantil,
xa está ben de non rascala…
Veña, a cambiar cueiros,
e cantádelle unhas nanas.

Profesores de Primaria,
veña, que non dades golpe;
despois vén o informe Pisa
e así o pelo nos loce.

Da xente de Secundaria
é mellor non dicir nada,
porque saen os alumnos
sen saber cubrir un mapa.

Algo de sumas e restas,
se non o credes, mirade,
nada de multiplicar
as taxas de natalidade.

Escribir, van escribindo,
pero non llo mandes ler:
diranche que non o entenden,
que lles produces estrés.

Confunden as oracións
con rezos e letanías,
e parece ser que é
polo da Cidadanía.

Hai que reducir a ESO,
mola o Bacharelato,
reducimos profesores
e sáenos máis barato.

Xa non hai oposicións,
din que sobran profesores…
Que nos xubilen a tempo
ímonos de mil amores!

E os pobres interinos
toleando cos temarios;
vailles facer boa falta
un Cuba Libre de Larios.

Non podía haber Entroido,
sexa en marzo ou en febreiro,
no que eu non me lembrara
deste noso conselleiro.

Tivo que pasar un ano
das eleccións sindicais
para que nos convocara
a unha mesa sectorial.

É un faisán con moita pluma,
non é galo de curral,
mestura de pito cairo
e de lindo paspallás.

Non quere sindicalistas,
que son todos uns lambóns;
eliminando problemas
non terán oposición.

Xa se abriu a temporada
da caza de comunistas,
de individuos peligrosos,
de inmigrantes, de marxistas.

Para que quede máis claro
e que saiba todo o mundo,
desde a prensa reaccionaria
hai ataques furibundos.

E, mentres somos culpables
de tamaño despilfarro,
van aumentando as axudas
do ensino concertado.

Imos cambiando de tema,
que xa está ben de chorar:
entraremos en materia,
que hai moito que latricar.

O outono veu moi quente…
Carallo, xaneiro, non!
Que llo digan aos das gardas;
non gañan pra «Bisolvon».

Hai que pedir uniformes,
roupa boa de campaña;
tamén a Garda Civil
se abriga ben na montaña.

Este ano deu pra tanto…
Xa non sei que comentar;
ai, a Rita conseguiu
vacacións en Canadá.

E andan investigando
un profesor conflitivo;
parece ser que estudou
co empresario Dorribo.

Segundo está no sumario
é un profesor da Puebla,
e comeron unhas cañas
aí, ao lado, en Maceda.

Como o sumario é segredo
non vos podo dicir nada,
pero saíu no Progreso
que é profe de Matemáticas.

Imos coas xubilacións:
tocoulle este ano ao Manolo…
Sorte tiveches, lambón!
Iso é como a Bono Loto.

Mais sigue facendo viño,
fai algo polo país;
vai traendo unhas botellas
de augardente e de Nestí.

Xa me parecía a min
que non faltaba a Pacita,
no tocante á papatoria
non perde ningunha cita.

Iremos ao cotilleo,
aquí dásenos moi ben;
collemos o «qué me dices»
e treman ata en Xaén.

O Camps xa é inocente,
xa trincaron ao Garzón;
parece que nos sumarios
facía mal a instrución.

Non debeu facer a mili
(aquela era instrución)
Foi dereitiño ao abismo
por demócrata e masón.

Quen lle mandou fozar
nos misterios do franquismo?
Fóralle moito mellor
ir a Cuba de turismo.

Seguimos co «qué me dices»,
que se le ata na China;
xa saben os cantoneses
dos negocios de Cristina.

No menú dos restaurantes
da cidade de Pekín
non dan arroz tres delicias;
trunfa o peixe Urdangarín.

Fomos facendo o magosto,
e cantamos no Nadal;
Ánxeles e mais Amada
a voltas co seu mural.

O conserxe anda doente
des que deixou de fumar;
Xosé Antonio, toleando
cos do proxecto Abalar.

A Sonia xa ten na casa
un fermoso caravel;
agora pinta os seus cadros
en tonos ocre e pastel.

E eu xa teño tamén
un anano pequeniño
que se parece ao avó
no nariz e no fociño.

Facíame moita falta
que aumentara a man de obra,
para plantar as patacas,
os pementos e as cebolas.

Mentres tanto, compañeiros,
ide pasando o botelo
cun pouquiño de lacón,
que o Entroido hai que correlo.

Veña pra acó esa cachucha,
Manolo, que corra o viño;
eu irei dando remate
a estas coplas, amiguiños.

Esperemos que os recortes
non afecten ao Entroido;
ide comendo e bebendo
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, entroido do 2012

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2013

Xa chegamos ao Entroido,
profesores do Piñeiro;
este ano vénvos doente
e algo madrugadeiro.

Ben sabedes que non son
amigo de andar a contos;
pero de algo hai que falar,
senón non sería Entroido.

Por non perder o costume
comezarei polos lentes,
e cun groliño de viño
que aínda vos está decente…

A verdade é que este ano
non sei por onde empezar;
pasáronvos tantas cousas…
Non sei a quen criticar…

Así que iremos por orde:
Primeiro, polo xeral;
e logo, pouquiño a pouco,
imos ao particular.

Xa tivemos eleccións
no Estado e Autonomía;
para os cambios que tivemos,
maldita falta facía.

Houbo que facer derrama
para salvar aos banqueiros;
seica tiñan un burato
e fugábanse os diñeiros.

A médicos, enfermeiras,
ao maestro e á maestra,
nun abrir e pechar de ollos
deixáronos sen paga extra.

E, ata a Real Academia,
xa cambiou o dicionario;
os vagos e maleantes
pasan a ser «funcionarios».

Temos que tomar medidas,
xa o dixo Díaz Ferrán;
hai que ir cobrando menos
e traballar moito máis.

Mira que casualidade!
Segundo dixo a xustiza,
ese honrado cabaleiro
tiña os cartos en Suíza.

É que iso estaba cantado,
xa mo parecía a min,
porque andaba nos negocios
co señor Urdangarín.

Non hai como o «braguetazo»
para ostentar un ducado,
ben sexa duque de Palma,
ou sexa duque «empalmado».

Nós andamos á miñoca
sen a extra do Nadal;
quen nos dera un par de sobres
de Rajoy e a Cospedal!

Os profes de matemáticas
teñen moito que aprender;
nos teoremas de Bárcenas,
dúas máis unha son seis.

Así que, Paco e Miguel,
ide facendo un cursiño,
que xa o vai sacando «O Mundo»
día a día e a pouquiños.

E, con esta competencia
no chouriceo masivo,
pasou ao segundo plano
o empresario Dorribo.

No tocante ás eleccións,
quedamos como ao primeiro;
nin cambiamos de goberno,
nin se foi o conselleiro.

Premiárono ben premiado
pola súa donosura;
ademais de Educación
agregáronlle Cultura.

E se xa nos amolaba
este noso conselleiro,
saíunos outro ministro
o mesmo de trangalleiro.

Nova lei de Educación
(a outra estaba gastada)
temos que aforrar os cartos
pra darllos á «concertada».

Imos xa co cotilleo
afinando a puntería;
entre estas catro paredes
aínda vos hai ben «movida».

As profes de Infantil
case se quedan en cadro;
queríanlles facer un ERE
e deixalas sen traballo.

Agora andan espesas,
(sonvos uns bos sarillos),
de maquinistas do tren,
estorbando nos pasillos.

Amada fixo un fichaxe
que a trae medio amargada;
anda de seguido a berros
e o tío como si nada.

Día si e día tamén
intervén o Eliseo,
e decidiron mandalo
a gañar o xubileo.

O director, coma sempre,
(eu non quero dicir nada),
arrancou co Orientador
de vacacións á montaña.

Os que vos somos sufridos
somos os de Orientación
(Virginia, Miguel e Mila)
aturando ao orientador.

As profesoras de inglés
dan dúas clases á semana;
ándanvos ben folgadas
a conta da americana.

Pilar traballa encantada
cos nenos do agrupamento;
cando remate este curso,
farémoslle un monumento.

Carmelo non ten remedio;
xa parece Juan Valdés,
correndo dun lado a outro
co seu vaso de café.

Despois está a ecoloxista,
reciclando nos pasillos,
e colocando acuarios
todos cheíños de bichos.

Polo que eu puiden ver,
algúns cambiaron de coche…
Seica viron a Yolanda
e a Paco con moitos sobres…

A que se mete en papel
évos a profe de Historia;
cando dá a Revolución
parece que está na gloria.

E, pra dar veracidade
a esa tamaña empresa,
puxo os rulos simulando
unha perruca francesa.

Cos novos, eu non me meto,
xa sabedes o que hai…
Hainos que ir invernando
e, despois, xa Deus dirá.

Observo que, ano tras ano,
temos baixas na coral;
Belén, hai que pór orde,
non se pode tolerar.

Pensade no que nos vén
co da autofinanciación…
Quen sabe, aínda teremos
que actuar en Eurovisión!

Como corren ao carballo
a Inma e Mª Xosé;
nunha man vai o cigarro,
noutra, a taza do café.

Diredes que eu tamén vou
e non vos vou contar trolas;
sempre fun un cabaleiro,
non as podo deixar soas.

E, aí tedes ao conserxe,
que anda pensando na pesca;
aínda estamos no Entroido
e está preparando a cesta.

A Ánxeles, de Primaria,
moito lle gusta falar;
sempre anda nos corredores
bla, bla, bla e bla, bla, bla.

Rodeada de rapazas,
(eu non sei o que lles dá)
porque as ten engaioladas
dende outubro ata o verán.

A outra Ánxeles é seria,
por iso é Xefa de estudos,
e parece o seu despacho
unha aula multiusos.

Nas novas tecnoloxías
haivos bastante trangallo;
ás veces parece isto
a sucursal do Pentágono.

Eu non sei a onde imos
con tanto aparello novo;
cada vez toleamos máis
ao pobre de Xosé Antonio.

Somos un colexio fino;
temos pérgola na entrada.
Agora, xa só nos falta
unha estufa e unha barra.

E, para facer as gardas,
precísase unha garita;
o Suso fai de sarxento
e, de capitana, a Rita.

Sempre me esquezo de algún,
xa vai fallando a memoria…
Mais, para o ano que vén,
igual lles é outra historia.

Non hai moitos xubilados;
deben andar de excursión…
Que se vaian preparando
para rexer a pensión.

Iso que está o Manolo;
non perde unha, o lambón…
Vaime preparando o viño,
que teño baixa a tensión.

Aínda vexo ao Xosé Luis,
sempre detrás da pancarta;
Cando lle queda un ratiño
planta verzas e patacas.

De Roda, eu non sei nada,
debe andar aínda no limbo…
Almorzará un Cola Cao
con torradas de pan Bimbo.

Agora cómpre lembrar
a estas nosas cociñeiras
que coceron o lacón,
os chourizos e as cacheiras.

Xa o dicía non sei quen,
que un exército na guerra
nunca gaña unha batalla
sen unha boa intendencia.

As cousas non andan ben,
mais aínda queda o botelo,
e, por moito que nos fodan,
o Entroido hai que correlo.

Xa sabedes o consello:
aínda que vos saiba a pouco,
ide comendo e bebendo
que, tras dun ano, vén outro.

Xurxo, 8 de febreiro de 2013.

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2014

Xa chegamos ao entroido,
compañeiras, compañeiros,
que cada ano nos vén
máis faltón e trapalleiro.

Non vexo máis que cacholas,
botelo, lacón e dentes,
núbranme a vista as nabizas;
vou ter que poñer os lentes.

Un vasiño deste viño
non me pode facer mal;
veu directo das adegas
da nosa Casa Real.

Haivos que fiar moi fino
para encaixar os ferretes,
que, coas leis que están facendo
pódenme caer seis meses.

Mais, o espírito do entroido
está por riba de todo;
aínda que eu acabe en Bonxe,
se o quero contar, podo.

O país non ten remedio,
vai de desastre en desastre
desde que o señor Montoro
cismou en meterse a xastre.

E corta tan ben o pano
do dereito e do revés
que lle van dar posto fixo
nunha nave de INDITEX.

O presidente Rajoy
é un presidente pantasma,
pois concede as entrevistas
nun televisor de plasma.

Non me podía esquecer,
que non quero quedar mal,
desa dama inimitable:
Dolores de Cospedal.

Nas procesións, con peineta,
sempre lucindo palmito;
pero todo é simulado,
diferido e finiquito.

Esa ministra de emprego,
muller de moito «tronío»,
contratou como asesora
ata á Virxe do Rocío.

A nova lei do ensino,
obra do ministro Wertz,
resúmese en dúas verbas:
«máis vale ter que non ter».

Sacaron a paga extra,
rebaixaron os salarios,
aumentáronnos as ratios
e aumentaron os horarios.

Pero, na televisión,
seguen co mesmo «rosario»:
Os problemas do país
son culpa dos funcionarios.

Quen non somos conselleiros
dalgunha Caixa de Aforros?
Quen non se levou millóns
a Suíza polo morro?

Quen non defrauda á Facenda
ou non é xenro do Rei?
Quen non ten algún amigo
que axude a burlar a lei?

Eu, ao que lle teño medo
con tanto desaguisado
é a que nos dean os porcos
xa co rabo recortado.

Xa que nos mandou o viño,
imos coa Casa real;
eses si que están vivindo
nun perpetuo carnaval.

O Rei xa ten ferros novos,
Froilán vai á pasantía,
o Duque segue empalmado
e imputaron á Cristina.

Ela chegou ao xulgado
moi sorrinte e moi ben posta,
mais só sabía dicir:
«non me lembro, non me consta».

Non é todo o que parece,
xa o dixo ben o fiscal,
que agora o namoramento
é atenuante legal.

Aínda temos moita sorte
(non vaia tentar o demo);
carecemos de imputados
na Picachu e na Pokémon.

En canto aos sobres de Bárcenas,
non se aclara o Secretario;
dou fe que vin a Yolanda
remexendo nos armarios.

Ás veces mete papeis
nalgunha desas taquillas
e seica vos temos conta…
xa vos direi en que illas!

E agora imos ao gran,
que é o que nos interesa;
imos poñer os papeis
de seguido sobre a mesa.

As de Infantil, coma sempre,
estorbando nos pasillos,
patio vai e patio vén…
¡están feitas bos sarillos!

Acotío están de festa,
e, entre milonga e milonga,
arman reas de rapaces
e veña a bailar a conga!

E, por certo, a Mari Carme
quere deixar o traballo;
en canto lle chegue un neto
vai quedar ata o «carballo».

Ves? Falando do carballo,
acordoume o director;
ese que vedes ás veces,
que anda sempre de excursión.

Se non hai un festival,
hai visita a Castroverde;
e, se lle baixa a moral,
a Andorra a esquiar na neve.

Despois está o Eliseo
(«Eli» para os alumnos)
que non o deixan parar
nin sequera dous segundos.

No tocante ás de Primaria,
fan moi ben o paripé;
andan estudiando o «Pronto»
mentres lle dan ao café.

Ánxeles e máis Amada
recortando bonequiños,
e, entre mural e mural,
danlle á lingua nos pasillos.

Mª Xosé, xa se sabe,
non lle vai moito o ganchillo;
ela prefire saír
a fumarse un bo pitillo.

Carme parece tranquila,
pero non se hai que enganar;
sempre leva a voz cantante
nas tertulias da mañá.

Se cadra, sálvase Suso,
que non o deixan vivir…
E non lle chega o castigo;
é seareiro do Madrid.

Dende hai un par de anos
a Xunta mandou de Boston
rapazas americanas
que non pasan do magosto.

E dixo o orientador
que, xa visto o que se ve,
el tiña unha americana
mercada no Corte Inglés.

Pendurámola con xeito,
mesmiño desa ventana;
daba máis conversación
que o demo da americana.

Eu non sei o que lles fan
aquí a Rita e máis a Marta
porque sempre se nos van
e despídanse por carta.

Tamén marchou o Javier,
e foi dar ás Filipinas;
eu ben pensei que ía ás troitas
ou pescar unhas sardiñas.

Mais, despois, xa me contaron
(que aquí hai moitos «cotillas»)
que da noite para mañá
xa lle aumentou a familia.

E veu a substituílo
ese rapaz que vén sempre,
que ten un coche moi raro,
caro e bastante potente.

Quíxenllo cambiar «a pelo»
e o tío dixo que non;
non sabe ben o que perde,
que o «Orión» é moito «Orión».

Vós ben sabedes que aos novos
digo que os hai que «invernar»,
mais co inverno que veu
ímolos ter que secar.

Non parece mala xente,
pero non se hai que fiar;
Víctor é moi retranqueiro
e a Montse vaille detrás.

Tamén tivemos a Chechu,
que estivo facendo prácticas;
anda co orientador
a ver se lle pilla as tácticas.

Outra que lle colleu gusto
é a nosa amiga Rebeca;
débenlle dar boa vida
que xa non sae da «Puebla».

Aquí non salva ninguén,
e tócalle ás cociñeiras;
mais tocando á intendencia
cumpren coplas moi lixeiras.

Elas están sempre en todo,
deben pensar que vou vello;
pra mirar de conservarme,
garvanzos con sal a esguello.

E Paco, de Matemáticas,
ten alto o colesterol,
por iso sempre lle poñen
a pescada do Gran Sol.

Isto que quede entre nós,
non vaiades dicir nada;
calquera llo explica a Lidia
que é unha muller da montaña.

Coa mesma, cambio de tema
e vou cos de Secundaria;
teñen tanto que rascar
como os que están en Primaria.

Miguel anda atarefado,
non dá posto os pés no chan;
é que o pobre non dá feito
co Lugo e co Breogán.

Menudo Departamento,
moitos números non fan,
por iso nunca nos toca
o reintegro no Nadal.

José Antonio, coma sempre,
pegado ao ordenador,
o día que el nos falte
vai fundir a instalación.

E, para rizar o rizo,
xa inventou un programa
para facer coa impresora
filloas e lambetadas.

Un clásico évos Carmelo,
pero non polo Francés,
que vive sempre pegado
á máquina do café.

E vese tan concentrado
con esa infusión exprés,
que se esquece de marchar
ata que o chama a muller.

Parte vai e parte vén,
Ánxeles está estresada;
a xefatura de Estudos
anda a miúdo ateigada.

E, que dicir de Belén,
directora da coral;
como todos os artistas,
xente de pouco fiar.

Logo estavos a de Historia,
a revolucionaria esa;
está sempre obsesionada
coa Revolución Francesa.

Entre vasalos e feudos,
xa me parece a Manuela
con ese aire que se dá,
a raíña Berenguela.

E, vou ser un cabaleiro,
con Pilar xa non me meto;
chega mortiña de frío
e vai directa a primeiro.

Xa sei que quedan algúns,
non se pode estar en todo,
mais para o ano que vén
xa os poñeremos a tono.

As cousas non andan ben,
mais aínda queda o botelo,
e, por moito que nos fodan,
o Entroido hai que correlo.

Xa sabedes o consello:
Aínda que vos saiba a pouco,
ide comendo e bebendo
que, tras dun ano, vén outro.

Xurxo, febreiro do 2014.
CPI Ramón Piñeiro

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2015

Outra volta co Entroido,
que se adiantou a febreiro,
e que nos curtiu os coiros
con choiva, frío e neveiros.

E sonvos uns cantos anos,
meus prezados compañeiros,
que este mestre, xa decano,
vai trebellando algúns versos.

O Entroido ben o merece,
que é tempo de protestar,
aínda que, se o pensamos,
todo o ano é carnaval.

Temos lacón e botelo,
temos chourizo e cachola,
o viño vaise bebendo…
Isto parece unha voda!

A cociña cambiou moito,
dígovolo eu, abofé,
dende que o amigo Marcos
se meteu a máster chef.

O peixe que adora Paco
xa non vos é rodaballo;
é unha deconstrución
de sardiña, xarda e allo.

Pásano as cociñeiras
polo nitróxeno líquido;
ese évos o motivo
de que pareza algo insípido.

E, volvendo co da neve,
contareivos a odisea
dos profesores do centro
que ían todos nunha rea.

Houbo que marchar prá casa,
os coches en caravana,
e, ao chegar a Paradela
empezou a trangallada.

Unha Sonia «acongojada»,
a outra Sonia en zapatillas;
e a Eva xa pensaba
que ían dereitiño ás silvas.

Seica Inma acelerou,
mais as rodas patinaban;
estaban algo lambidas
e o seu Honda non andaba.

Eu non sei que pasaría
(foivos cousa del demonio);
puido ser unha desgraza
se non fora Xosé Antonio.

É que non hai Plan de Centro,
hai que ter máis previsión;
se chamarades por min
remolcábase co Orión.

Tamén axudou bastante
a saír da situación
un volkswagen verdecente
coa bandeira tricolor.

Adiantou a caravana
nesa costa da Casilla;
Manuela guiando ao pobo
cara á toma da Bastilla.

A «conamía» vai ben,
imos saíndo do túnel;
algúns comen os chourizos
e a outros déixannos o fume.

Bárcenas anda ceibo,
Ana Mato xa cesou;
agora aluga o garaxe
que o Jaguar xa se acabou.

Segundo veñen os tempos
estudar ponse moi caro,
por iso o ministro Wertz
quere rebaixar os grados.

Con corenta e cinco créditos
fas a filla Graduada,
mais, cando pagues o máster
sáeche a porca capada.

Cambiamos de conselleiro
(sabedes que o sinto moito)
que me daba moito xogo
para as coplas do Entroido.

Agora puxeron outro
que xa foi alumno meu;
se segue na mesma allada
vouno mandar pra Bueu.

E vaille caer un parte,
e facer trescentas copias;
que se entere dunha vez
que o ensino non se toca.

Imos cambiando de tema,
que hai para dar e tomar;
eu nunca pensei que un ano
dera pra tanto falar.

Montse non da máis que voltas,
xa me parece un sarillo,
leva un alumno e trae outro
para andar polos pasillos.

E a outra colega Conchi
sempre facendo aloumiños;
está no agrupamento
coma a pita cos pitiños.

Os do fútbol, estresados
con tanta competición;
cada semana parece
que hai un novo campión.

Eliseo e mais o Víctor
están, pero non están;
póñenlle velas a Messi,
tocan a liga coa man.

A un só punto do Madrid
agardan nas súas sillas
algún milagre da Virxe
e as «cantadas» do Casillas.

Suso e Miguel xa son líderes.
Decidiron celebralo,
e marcharon a Madrid
ao cumpreanos de Cristiano.

E, mentres todos procuran
desfacer ese novelo,
entra na sala, solemne,
sacando peito, Carmelo.

Habería que dotar
a todo o profesorado
desas tarxetiñas negras
con saldo descontrolado.

A ver, señor director,
señor secretario Paco…
aínda que sexan pequenas
que nos dean pró tabaco.

Mais, do equipo directivo
case mellor non falar…
Xa todos nos entendemos,
hai moita auga no mar…

De todos modos, eu penso
que cunha palabra basta:
Nós somos os proletarios,
eles non son máis que «casta».

Así que calquera día,
poño por testigo ao demo,
vou poñer unha extensión
coa coleta de Podemos.

Facemos candidatura,
que nos sobran seareiros,
e vaise enterar a casta;
temos votos a milleiros.

Eu, cunha coleta fina,
petando un pouco na mesa,
podo pasar como nada
polo señor Pablo Iglesias.

Miguel xa se vén comigo,
e, se vos vou ser sincero,
non desmerece nadiña
do profesor Monedero.

Despois fichamos a Marta
de Carolina Bescansa;
e Marcos, o Orientador
vén de Íñigo Errejón.

E, como sempre, amiguiños,
xa sabedes o consello:
ide comendo e bebendo
que o Entroido hai que correlo.

Como son so cinco días,
aínda que vos saiba a pouco,
non esquezades, amigos,
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, febreiro de 2015

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2016

Xa é costume do centro
non sei dende hai cantos anos
que eu, como son o decano,
proceda a pechar o evento

Como veño confesado,
pídolles a absolución,
se é que as coplas son pecado,
ás profes de Relixión.

Non se dan ido do centro,
porque as temos secuestradas,
coma unhas monxiñas indias
que estaban coas Mercedarias.

Ai, Deus, como pasa o tempo,
meus queridos compañeiros,
xa chegamos a outro Entroido
e seguimos sen goberno.

Xa comemos o lacón,
a cachola e o botelo,
os chourizos, o repolo,
pero non hai ningún grelo.

E non vexo eu o problema,
non estamos nun bo val?
Non é a provincia de Lugo
unha potencia nabal?

Que vivan as cociñeiras,
que nos coidan a tensión;
en función dos comensais
botan moito sal ou non.

É que temos aos partidos
que non queren un desliz,
por iso evitan os líos
e… a marear a perdiz.

Xa me parece o Congreso
a casa de Gran hermano;
hoxe nomino a Rivera,
mañá tócalle a Mariano.

Pero é un Congreso moderno,
xa non gastan garavata;
uns desfilan con coleta
e outros levan ata rastas.

A cousa está complicada,
Algúns din que ata hai piollos;
e Rajoy, desencaixado,
non deixa de abrir os ollos.

Así que, día tras día,
andan todos nunha rea
sacando a foto co Rei
no Palacio da Zarzuela.

Eu estou así moi ben,
con pouco «lexislativo»,
que, se empezan a inventar,
véxome outra vez fodido.

Mais, pasemos a outro tema,
haivos pano que cortar,
que neste solar hispano
a corrupción vai a máis.

Seica, agora, nas enquisas,
non van contar os parados,
engadirán outro dato:
o número de imputados.

Como andan os xulgados!
Rato e Blesa están doentes;
parece que era un bo timo
o asunto das preferentes.

A Infanta está no banquillo,
segue igual de namorada;
pero díxolle a xustiza
que de irse a casa, pra nada.

O que fixo un bo negocio
foi o Rei, o xubilado,
agora cobra a pensión
e anda menos controlado.

Falando de xubilados,
xubilouse o meu Orión;
leva moito cotizado,
ben merecía a pensión.

E tamén lles chega ben
aos señores do Senado,
que parecen do INSERSO
camiño do balneario.

Aquí imos coma sempre,
é dicir, nin fu nin fa,
agardando un ano máis
a extra de Navidad.

Berrando polos pasillos,
presumindo de mandil,
van cargadas de pequenos
catro profes de Infantil.

A do horóscopo é a Sonia,
outra, Clara, que é morena,
de Manán vén a Marisa
e aínda queda a Marisela.

Agora Ánxeles Barreira
traballa de pitonisa;
lelle o horóscopo á Sonia
e o que lle di vai á misa.

A Manuela véxoa brava,
xa me pon pel de galiña;
calquera día na ESO
algún vai á guillotina.

A que é de costumes fixos
é aquí a María Xosé,
que case nunca perdoa
o pitillo e o café.

Iso se non vén a Sonia
acaneando a súa bata,
porque cando pasa ela
xa se escarallou a máquina.

É unha máquina ladroa,
é unha máquina mesquiña;
ás veces dáche só o vaso
e outras a culleriña.

E, falando do tabaco,
quedamos tres apestados:
a Sonia, Inma e máis eu,
fumadores de Ducados.

Temos tamén masaxista
para o lombo e os ombreiros,
grazas a que veu Carme,
graduada en Farnadeiros.

Os da pesca, preparados,
xa vexo que andan doentes;
como xa van ben cascados
mercaron botas con dentes.

Que unha caída a esa idade
non vos é cousa de broma;
se non convidan ás troitas
que mala centella os coma.

E penso que a Xosé Antonio
hai que ampliarlle o contrato,
pois temos ordenadores
ata no cuarto dos trastos.

O que non ten que facer
évos o Orientador;
primeiro marcha pra neve
e despois toca o trombón.

Con el vai o Director,
sempre coa mesma pachorra,
que eu non sei que vai levar
todos os anos a Andorra.

Despois vén o Eliseo,
que está arriba no cubil;
agora está preparando
a olimpiada do Brasil.

Tamén Ánxeles Lombao
comparte o mesmo cubil;
pasa case todo o día
cos asuntos do Luís.

As que están moi amoladas
son as de Inglés de Primaria.
Agora traballan, cona,
que están sen americana!

A que estivo xenerosa
foi o ano pasado a Rita;
deixoulle en herdanza á Sonia
toda a súa titoría.

E, que dicir de Yolanda?
Vén moi pouco por aquí;
tenche un despacho ben fino,
ela está na zona VIP.

Falando da zona VIP,
alí está o Secretario
cos discos duros de Bárcenas
agochados no armario.

Neste departamentiño
que chaman de orientación
andan as cousas revoltas,
que o dixo a televisión.

Parece ser que Miguel
quere botar fóra á Conchi,
e tamén andan no allo
Marcos, Víctor e máis Montse.

Por iso vai concursar
no concurso de traslados
e pediu todiño a feito
dende Ortigueira a Cambados.

Eu non o vou consentir,
xa deseñei a estratexia;
e voulle dar os meus puntos
para que quede na «Puebla».

Na ESO, a Conchi e máis eu
aínda imos dando xeito;
se segue aquí para o ano
somos parella de feito.

En música está Belén,
directora da coral,
anda sempre tras de nós
que non imos ensaiar.

Menos mal que coas sopranos
e tenores do colexio
sempre nos sae bordado,
que medramos co directo.

Ás veces xa parecemos
mesmo a orquestra Caracas,
sobre todo cando sae
a nosa Sonia coas maracas.

O que dá Cultura Clásica
é o profesor Carmelo;
quen lle dera moitas veces
ter na clase ao can Cerbero.

Porque dar clase na ESO
xa se converteu nun mito;
son os traballos de Heracles
multiplicados por cinco.

E, á Pilar, desesperada,
moito lle fan dubidar;
xa non sabe se a miñoca
é o mesmo que o calamar.

De como van os da ESO
a Sol nunca nos di nada,
mais se a cruzas no pasillo
díceo todo coa mirada.

Temos compañeira nova,
Que é de Cangas do Morraso,
Se nos trae unhas sentolas
ímoslle dar sen abrasos.

A ver se vén xente nova
e temos algo de sorte,
que nos van colonizando
as rapazas de Monforte.

Agora o profesorado
ten moita preocupación,
que non damos preparado
a nova programación.

Primeiro, fan unha lei,
esa que chaman a LOMCE,
que parece que a fixeron
un par de cegos de noite.

E, despois, vai o Mariano,
e manda ao ministro Wertz
a dar paseos románticos
a carón da torre Eiffel.

Eu xa sei que esquezo algún,
que xa me falta a memoria,
mais para o ano que vén
pódelles cambiar a historia.

Se vos gustaron as coplas,
eu xa me sinto cumprido,
porque non che dan un peso
dende o equipo directivo.

E xa está ben, meus amigos,
rematou o repertorio,
que xa comestes abondo
e eu vou correr o Entroido

Todos os anos vos lembro
que vivades o Entroido
ide comendo e bebendo
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, febreiro de 2016
CPI Ramón Piñeiro

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2017

Como xa é tradición,
e, como son o decano,
vouvos ler unas copliñas
do Entroido deste ano.

Meus prezados compañeiros,
como vai pasando o tempo!
xa chegamos a outro Entroido
e esta vez… temos goberno.

Iso que estabamos ben,
orfos de lexislación,
ata que armaron e armaron
o asunto da abstención.

Máis de trescentos días
mareando na perdiz,
e ao final tivo Mariano
un desenlace feliz.

Xa vos van varios entroidos
que andamos nos xulgados;
se non é Bárcenas, Blesa;
se non é Rato, Granados.

Mesturáronse os da Gürtel
cos das tarxetas black,
e non daban atinado
coa sala do Tribunal.

Pero, bueno, ao que imos,
que o Entroido é o que mola,
está a piques de casar
e nós irémoslle á voda.

Imos casar ao Entroido
coa Pascua de San Xulián,
que lle gustan moito os ovos
e ben sabe onde os hai.

De padriño irá Don Dente,
de madriña, a cachola,
de testigos, os chourizos
e un bo prato de filloas
untadas cun pouco mel
que vos han estar ben boas.

Estes últimos dez versos
que acabo de recitar
sonvos a miña homenaxe
ás copliñas do meu pai.

Cando eu era moi pequeno,
haivos moitos anos xa,
escribía Jesús coplas
no Entroido de Queizán.

Ídevos aproveitando
desta voda de postín,
porque din as malas linguas
que rematará o festín.

E que, segundo parece,
cos problemas da inflación
o ano que vén teremos
o cocido sen lacón.

A cachucha sen cachucha,
o botelo cativeiro,
e os chourizos, menos mal,
deses témolos a eito.

Pero, mentres, amiguiños,
temos que cotillear,
que un ano dá pra moito,
e non sei por que empezar…

Fómoslle botar o polbo
alá polo San Froilán;
que ben vos contaba Víctor
os cartos do persoal!

Vouvos contar un segredo,
non o tomedes a guasa;
eu penso que vai casar,
tira moito para a casa.

Estes días está triste
e non gasta moita broma,
que anda algo despistada
a zaga do Barcelona.

De seguido, unhas copiñas
neses garitos de moda.
Como se desmelenaba
a boa da Orientadora!

Despois non sei que pasou…
acabaría ben ou mal?
Sonia e eu fomos prá casa
que somos xente formal.

Por certo, que esta semana
Sonia moitas voltas dá;
ata ten ritmo de samba
a súa chaqueta de lá.

O equipo directivo
contratou máis persoal;
agora sae barato
coa reforma laboral.

E andou buscando profes
Carlos aquí e alí;
parecía Florentino
coas fichaxes do Madrid.

Eu estouvos ben seguro
que son xente de fiar;
ou teñen deudas co fisco
ou contas en Panamá.

Pero que non se apuren,
todo se pode amañar;
Yolanda está preparando
unha amnistía fiscal.

E se, por casualidade,
algún sae investigado,
non hai que perder os nervios,
aquí estamos aforados.

Primeiro fichou a Mónica,
que é noviña, unha promesa,
unha rapaza que vén
da canteira paramesa.

Moi novo tamén é Marcos,
o fillo de Magdalena,
que vén a proba, cedido,
a ver se merece a pena.

Para o posto de porteiro,
fichamos a Benxamín,
que fixo moi boa campaña
xogando co Polvorín.

Con ese pelo rapado,
con ese atlético porte,
non sei por que me recorda
O anuncio de «Mister Proper».

Como se nos foi a Inma,
que era de moito fumar,
démoslle voltas e voltas
e fichamos a Julián.

A cousa non foi doada,
pero foi gran regalía;
que había de facer eu
na néboa sen compañía.

E, para o posto de Marcos,
de defensa rompedor,
Ánxeles fichou a Laura,
procedente de León.

Quixemos botar a Conchi,
unha dianteira moi fría,
e chegamos a un acordo
co Rápido de Dumbría.

Mais, falláronnos as contas,
saíu a xogada torta;
non se adaptou ben ao posto
e mandárona de volta.

Ánxeles colgou as botas
(nada hai que sexa eterno);
houbo que cubrir o posto
no mercado deste inverno.

Xa non temos pitonisa
prás predicións da semana;
vaise ter que facer cargo
dos horóscopos, Diana.

E xa me daba no corpo
que non faltaba a Pacita;
en habendo cuchipanda
non falta a ningunha cita.

Marchou a María José,
outra das máis veteranas;
debía levar moita présa,
non acabou a semana.

Pra celebrar a ocasión
obsequiounos cunha tarta;
carallo, como comían
Montse, Rita e mais a Marta!

E vou facer un inciso
xa que vos falei de Rita:
que non se deixe cegar
porque chegou a «abuelita».

Que si, que son moi riquiños,
que fan de nós un pandeiro;
que che asinan un contrato
fixo, cutre e trapalleiro.

E sonche ben «sibilinos»
os papás da criatura:
«se non queda coa avoíña
vaina roer a tristura».

A Marta non ten respiro,
non ten acougo ningún;
anda sempre conectada
ao cero sesenta e un.

Tenvos moita confianza
cos sanitarios do HULA;
xa fai ela os diagnósticos:
un ano máis e titula.

Ánxeles quéreme ben:
Deume unha titoría
de encantadores rapaces
para que non me aburrira.

Xa falei con José Antonio
por se hai unha aplicación
pra poder desconectalos
cando o requira a ocasión.

Mala sorte para Sonia,
profesora de debuxo,
que os tivo o ano pasado
e iso foi todo un luxo.

Carmelo está coma sempre
na máquina do café,
mirando que non se estrague,
xa parece Juan Valdés.

Se queredes auga quente
nalgunha que outra ocasión,
facede como Pilar:
pedide «té al limón».

A Manuela dáme medo,
que na miña titoría,
nunha esquiniña da mesa
montou unha guillotina.

Di que van rodar cabezas
o día da avaliación;
se non a dou convencido
vai vir a Revolución.

O destes de Matemáticas
moito xeito non vos ten;
se xa tiñan poucas clases
aínda fichan a Belén.

Refírome a esa bohemia,
directora da coral;
como todos os artistas
é xente pouco formal.

Sol está na biblioteca,
que é un lugar silandeiro;
non hai sitio máis tranquilo
pra fuxir dos de primeiro.

Suso anda moi tranquilo,
que este ano o Real Madrid
parece que vai lanzado
se non ten algún desliz.

Que xa o dixo Rajoy:
«salvo en algunha cosa»;
e pasou o que pasou,
o Celta fodeulle a copa.

As de Infantil non vos paran,
veña esmorga, veñan risas;
menos mal que poñen orde
a Clara e mais a Marisa.

Carmen Santos, coche novo!
O negocio dáme a min
que tivo moito que ver
co asunto Urdangarín.

A cousa non se aclarou,
aínda non hai sentenza;
seica faltan uns papeis
que atoparon en Valencia.

A outra Carmen, a Somoza,
non vos ten cousa mellor
que poñernos a pel fina
con xabón de tocador.

Tamén é esperta en masaxes,
galletiñas ecolóxicas
e lambetadas diversas
para que enchamos a andorga.

No tocante ás cociñeiras,
andan á última moda,
con modelos exclusivos
que parecen dunha voda.

Eu penso que se practican
e poñen uns cascabeles
mesmo poden desfilar
na pasarela Cibeles.

E o noso Secretario,
anda moi atarefado;
coa defensa do Bigotes
está sempre nos xulgados.

Javier, pensando na pesca,
que é a súa obsesión;
como xa vai veterano
vainas pescar no pilón.

O que é algo masoquista
é aquí o amigo César;
despois do que nos aturou
aínda vén buscando guerra.

Se non me acordo de algo
é que perdín a memoria;
que a partir dos sesenta
a cousa é outra historia.

E con isto xa remato
que non teño subvención,
nin un triste chouriciño,
nin un cativo lacón.

Como sempre, meus amigos,
xa sabedes o consello,
ide comendo e bebendo
que o Entroido hai que correlo.

E, se aínda vos sabe a pouco,
lembrade, compañeiriños,
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, febreiro de 2017

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2018

Como estamos no Entroido,
que non vos pareza mal,
vouvos ler unas copliñas
que xa é tradicional.

Hei esquecer moitas cousas,
que xa me falla a memoria;
danme voltas as ideas
coma a auga nunha noria.

Así que, postos os lentes,
aclararei ben a voz
cun groliño deste viño
para cocer o lacón.

A miña primeira copla
é para a Xefa de Estudos,
que é amante da cachucha,
do lacón e do ventrullo.

Ánxeles sempre disfruta
destas xuntanzas de Entroido;
logo se vai poñer ben
que é nova e quédanlle moitos.

E, despois de comezar,
un saúdo ás cociñeiras,
que coceron o lacón,
o botelo e as cacheiras.

Hainas que ter contentas
que vos son de armas tomar;
polo que sexa de caso…
non me quero intoxicar.

E, sobre todo, esa Lidia,
que vos é bastante brava,
como aquí a amiga Nuria;
son mulleres da montaña.

Empezamos este curso
con bastante movemento,
porque as baixas xa inzaban
como inzan na fraga os fentos.

O orientador deuse á fuga,
veunos unha embarazada;
como somos de cocido,
de Lalín chegounos Ana.

Aquí non queda nin cristo,
ninguén quere dar pancada;
este ano deixan o centro
Carmen Santos e máis Clara.

Eu mesmo, estiven ausente
de Setembro ata Nadal
por mor dalgunhas obrigas
do traballo sindical.

Mais estou por fin de volta,
que me gusta esbardallar,
e aquí no Ramón Piñeiro
cada día é carnaval.

Menos mal que un ten «chivatos»
en cada departamento;
fun atando ben os cabos,
que chismes hainos a cento.

E cheguei «acongojado»
a mediados de xaneiro,
que viña ben informado
da fama dos de primeiro.

Penso que foi un acerto
que os controle Manuela;
fóralles mellor ser servos
da raíña Berenguela.

Na Xunta segue Feijoó
e Gayoso no Luar,
pero parece un milagre
que aínda siga Donald Trump.

Xa podedes ir pensando
nun plan de xubilación,
que Montoro non ten cartos
para pagar as pensións.

Pois seica agora non morren
como antes os xubilados
e din que van traballar
ata non sei cantos anos.

Dixo Celia Villalobos
que algún xa leva cobrando
máis anos de pensionista
que os que estivo traballando.

Así que ela non xubila,
ten moito que traballar,
que aínda lle quedan pantallas
por pasar no «Candy Crash».

No tocante á corrupción,
segundo as autoridades,
todo segue como sempre
con algunhas novidades.

Os da Gurtel, entretidos
co mareo da perdiz;
isto vaivos para rato,
dámo a min o nariz.

É que adían os xuízos
de tal maneira no tempo
que cando diten sentencia
eu xa vos teño bisnetos.

O Bigotes xa piou
(deixou moito que cantar);
estaba pochando fabas
e podíanse queimar.

Bótalle as culpas a Camps,
o dos traxes de rebaixas;
como ten todo prescrito
ten as espaldas moi anchas.

A sequía foi terrible,
case seca o río Miño,
así que no comedor
en vez de auga, dan viño.

E, ata no botiquín,
falta auga osixenada;
usamos como antisépticos
licor café e mais queimada.

Viñeron os inspectores
buscar documentación
e nalgún departamento
armouse a revolución.

Os profes de matemáticas
viron a cousa moi fea
para xustificar fondos
da Comunidade Europea.

Nunca vin tal dilixencia
en Paco e máis en Miguel;
encaixando competencias
case se deixan a pel.

E a «okupa» de Belén,
como xoga a dúas bandas,
declarou non ter que ver
co asunto das finanzas.

Mais o día sinalado
para a inspección fatal
Miguel parece que estaba
nalgún paraíso fiscal.

Non só afectou a Miguel
o pánico da Inspección,
houbo días que comín
eu só neste comedor.

Carlos e mais Benxamín
en Andorra, de excursión,
e á volta, no maleteiro,
viña o señor Puigdemont.

E, para servos moi claro,
fixen investigacións;
sei moi ben que está acochado
no barrio de Montirón.

Pero a sorpresa maior
foi ao chegar á fronteira;
cruzáronse cos Pujol
que seica ían prá feira.

Como vos cambian as caras
ao ir avanzando a Liga!
Víctor anda xa nas nubes
e Suso nin para el mira.

Miguel está repartido,
é un pouco trampullán,
pois se lle falla o Madrid
queda o Lugo e o Breogán.

Hai quen nos fai as cremas
en cuncas finas de louza;
se cheira a rosa ou limón,
quen vai ser? Carmen Somoza.

Tamén anda atarefada
nos misterios do Universo;
xa case ten superada
a teoría de Copérnico.

Con tanta dedicación,
vémola sempre correndo;
calquera día non para
e ata chega a Farnadeiros.

Iso si, daría a volta,
e non pra buscar máis flores;
viría buscar o móbil
á sala de profesores.

Desde que tivo unha neta,
Rita está moi suavizada;
cando era directora
non vos era tan calmada.

Por certo, se sobran ósos,
non os tiredes ao chan,
metédeos nunha bolsiña
que os leva ela pró can.

Imos entrar xa que logo
con eses da zona Vip,
os que manexan os cartos,
aí é onde está o quiz.

Porque non sei se sabedes,
os novos, que aquí Yolanda,
cambia tan fácil de coche
como eu cambio de bufanda.

E, xogando á lotería
non vos tivo tanta sorte;
mais eu quero que saibades
que é do lobby de Monforte.

E Paco, que é moi discreto,
ándavos nesa «fanfarria»
para ocultar os Ferraris
que ten no garaxe en Sarria.

Hai que lle poñer a Conchi
algo de ventilación;
o chiringuito é pequeno
e xenera gas radón.

Tamén podía valer
unha máscara antigás,
porque seica perde aire
algún que outro rapaz.

Temos dúas novas fichaxes
no equipo de Infantil;
unha das terras de Muras,
outra, máis alá do Sil.

Aínda é cedo pra sabermos
o resultado que dan,
pero aínda hai moito tempo.
de aquí aló xa se verá.

Marisa, que é a veterana,
é a máquina do tren;
moitas veces descarrilan
e invádennos o andén.

Sonia, baila que te baila,
moito lle gusta o barullo;
ímola ter que mandar
a iso de Operación Triunfo.

Urdangarín e Cristina
xa perderon os Ducados,
pero eu e máis a Sonia
témolos ben amarrados.

Con esta ola polar,
nas aulas da ala norte,
xa me parece a Pilar
Amundsen no Polo Norte.

Que só lle falta o trineo,
oito huskies siberianos,
un malamute de Alaska
e un inuit para guialos.

Para relacións públicas
o profesor de Francés,
que lle gustan as tertulias
ao redor dun bo café.

Pois, con tanta diplomacia,
sempre se perde de vista;
e Sol polos corredores
a ver se lle atopa a pista.

Eu penso que xa está ben,
que eu cobro por cada verso,
e se seguimos así
acabo cos orzamentos.

E, como sempre, amiguiños,
xa sabedes o consello:
ide comendo e bebendo
que o Entroido hai que correlo.

Como son só cinco días,
aínda que vos saiba a pouco,
non esquezades, amigos,
que tras dun ano vén outro.

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2019

Aquí estamos outro ano,
meus prezados compañeiros,
celebrando un novo Entroido,
que sempre fomos festeiros.

E, como é tradicional,
vouvos ler unhas copliñas,
que eu son moito de falar
na escaleira coas veciñas.

Pois, neste centro de ensino,
se te paras a observar
a vida nos corredores,
aínda hai ben que criticar.

A plantilla vai cambiando
porque non hai nada eterno,
que nestes últimos anos
fóronse bos compañeiros.

Algúns tédelos aquí,
custou traballo traelos;
houbo que subornalos
coa cachucha e cos botelos.

Este ano vaise Rita,
axiña lle entrou a présa,
pero é que ten que coidar
en exclusiva ás súas netas.

E xa que falo de Rita,
isto da xubilación
estavos moi complicado,
cada día vai peor.

Ide pensando, amiguiños,
en buscar outro traballo;
non sei se as nosas pensións
irán todas ao carallo.

Felipe e mais a Letizia
xa vos tomaron medidas;
teñen un plan de pensións
que se chama «monarquía».

E todos os altos cargos
que entraron na corrupción,
non foi porque fosen malos,
foi por blindar as pensións.

Como vivimos de máis,
a sostenibilidade;
se é que queredes comer,
traballade, traballade!

Pois o haber regulador
seica o queren cambiar;
agora van calcular
toda a vida laboral.

Tamén chegou savia nova
para reforzar o centro;
agora iremos con eles
como manda o regulamento.

Dareivos unha primicia,
eu non me vou xubilar;
como diría Cifuentes:
«no me voy, me voy a quedar».

E, falando de Cifuentes,
vouvos contar un segredo:
seica están de saldo os masters
en «la Juan Carlos Primero».

Non precisas ir ás clases
nin facer moitos traballos;
xa foron algúns ministros
e mesmo Pablo Casado.

Eu recoméndolla a Nuria
que necesita cursiños
para cobrar os sexenios
e facer un bo currículo.

Ben sabedes, no verán,
van facer unhas melloras;
xa avisei aos xubilados
pra que vixíen as obras.

E, como son tan curioso,
xa consultei o proxecto
que seica é da autoría
dun prestixioso arquitecto.

Vannos poñer un jacuzzi
en cada departamento,
fachadas moi churrusqueiras
e luces de regulamento.

Unha pintura moderna
e ventanais de postín;
un comedor, cando menos,
dunha estrela Michelín.

Por suposto, ás cociñeiras
hanlles dar uns bos cursiños
pra preparar os menús
co do nitróxeno líquido.

Porque a cociña moderna,
para que sexa elegante,
unha crema e pirixel
servidos en prato grande.

Esencia de bacallau
e aromas de tomate
cunhas gotas de pomelo
sobre símil aguacate.

E xa dixo a conselleira
que, visto tanto glamour,
non lle queda máis remedio
que subirnos o menú.

A ver se todo vai ben
e non queda a cousa en nada,
pois quen asina o proxecto
é Santiago Calatrava.

Que nos fai moita faltiña
calefacción eficiente,
porque despois do Nadal
todos rillaban os dentes.

Eu atopei a Pilar
diante do departamento,
inmóbil, como unha estatua,
a cariátide dun templo.

Porque quen máis e quen menos,
e deixémonos de lerias,
iamos tan abrigados
como os rusos en Siberia.

Ultimamente o goberno
non nos dura nin un ano;
aínda onte estaba Rajoy
e hoxe Sánchez xa cesado.

A cousa está complicada,
segundo din as enquisas;
xa nos andan enredando
cos pactos e as maiorías.

Estanvos os de Rivera
amigados con Casado
e con un partido novo
con nome de dicionario.

No tocante ao Orientador,
paréceme moito a min
que vai ao mesmo barbeiro
que o noso Benxamín.

Ánxeles deulle a Belén
unha titoría lúdica
pensando, con bo criterio,
que é profesora de música.

Pero estes de primeiro
vívenvos na estratosfera,
así que non é moi certo
que a música amanse ás feras.

As de infantil, coma sempre,
(o que é non ter que facer)
tunearon o corredor
que semella o Corte Inglés.

E, entre esas cavernícolas,
a dos deseños é Eva,
que seica xa ten a punto
a moda de primavera.

Segundo din os expertos,
Isto vai ser un gran fito
da evolución humana
no período Neolítico.

Parece que as veteranas,
e refírome a Marisa,
criticaron os deseños
porque non levan camisa.

A Sonia, na Prehistoria,
anda moi preocupada
por ver se con algúns ósos
se dan feito unhas maracas.

E Patricia, tan discreta,
évos moi traballadora;
pasa o día e mais a noite
nesa plastificadora.

Eu non sei se José Antonio,
que ten ideas moi boas
a daría tuneado
pra facer unhas filloas.

Alí, no aparcamento,
se non me falla a memoria,
había unha bicicleta
propiedade de Victoria.

E, como a vin cun termo
que tiña tanta prestancia,
eu ben pensei que viría
de correr o Tour de Francia.

Pero agora, compañeiros,
corra o lacón e o botelo,
veña para acó esa cachucha,
que o entroido hai que correlo.

E non direi moito máis
aínda que podo dicilo;
deixaremos aos que quedan
para o próximo cocido.

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2020

Que rápido pasa o tempo!
xa chegamos ao Entroido;
eu aínda me alegro ben
que por pouco non o conto.

Ben sabedes que non son
amigo de andar a contos;
pero de algo hai que falar,
senón non sería Entroido.

Ademais de comer ben
con laconciño e botelo,
é o momento do ano
en que podo lucir pelo.

Que xa me pediu Rubén
A receita do xampú;
Pero díxenlle que a el
íalle mellor o betún.

E hai que ter moito coidado
nas coplas do carnaval;
logo chegan os de VOX
e veña pin parental.

A verdade é que este ano
non sei por onde empezar;
pasáronvos tantas cousas…
Non sei a quen criticar…

Así que iremos por orde:
Primeiro, polo xeral;
e logo, pouquiño a pouco,
chegará o particular.

Se non me lembro de algo
é que perdín a memoria;
que a partir dos sesenta
non vos é a mesma historia.

Imos xa co cotilleo
afinando a puntería;
que entre estas catro paredes
aínda vos hai ben «movida».

Non faltan os xubilados;
pra completar a pensión
non hai como unha cachucha
por riba dun bo lacón.

Xa escoitei eu na radio,
que un médico do SERGAS,
sempre lles receitaba
ou ben cocido ou á grella.

E, por iso, na cociña,
queren que garden a dieta:
¡veña botelo e touciño,
colesterol á puñeta!

Que vivan as cociñeiras,
que nos coidan a tensión;
en función dos comensais
botan moito sal ou non.

Cantamos como puidemos,
como sempre, no Nadal,
tirando de vellos éxitos
desta peculiar coral.

Pois tenores e sopranos
de voces tan atildadas
poñemos sempre a Belén
ao borde da taquicardia.

Estámonos afacendo
a isto das eleccións,
que tras dunhas veñen outras
e non nos dan vacacións.

Malo será que nas próximas
non vote con xeito a xente
e que teñamos no centro
outro vicepresidente.

En canto á Casa Real,
Froilán rematou a ESO,
e o emérito Juan Carlos
de mariscada en Sanxenxo.

Polo que atinxe aos xulgados
moito me parece a min
que para o martes de Entroido
xa está ceibo Urdangarín.

Isto da Casa Real
pouco lle gusta á Manuela;
ela é máis de guillotina
da Revolución Francesa.

O director, xa sabedes,
(eu non quero dicir nada),
arrancou co Benxamín
de vacacións á montaña.

As de Infantil, coma sempre,
estorbando nos pasillos,
patio vai e patio vén…
Están feitas bos sarillos!

Acotío están de festa,
e, entre milonga e milonga,
arman reas de rapaces
e veña a bailar a conga!

Agora evolucionaron,
deixaron o cuaternario,
e queren mirar os astros
nun curioso planetario.

E, por iso, José Antonio,
que o proxecto redactou,
está esgotando na Pobra
as reservas de cartón.

Sol está na biblioteca,
que é un lugar silandeiro;
non hai sitio máis tranquilo
pra fuxir dos de primeiro.

Con tanta renovación,
os estantes xa non chegan,
así que anda Carmelo
cada semana no IKEA.

A Victoria e mais a Sonia
andan sempre trebellando
e por pouco non a arman
co Concurso de Traslados.

Que «renuncio ou non renuncio»,
danlle á tecla equivocada,
e un día van rematar
en Ourense, na montaña.

Outra que moito vos fala
é a compañeira Patricia;
despois pasa unha semana
afónica, que nin pía.

A dama de Farnadeiros,
Ou sexa, Carme Somoza,
Entre proxecto e proxecto
xa non dá plantado a horta.

Aínda nos veu xente nova
pra completar a plantilla
que nos é moi necesaria
nas novas tecnoloxías.

Unha delas é Yolanda,
fai moi ben o paripé;
sempre a veredes pegada
a esa impresora 3D.

Tamén temos unha Vicky,
parece traballadora,
e domina os mecanismos
desa fotocopiadora.

Polo gremio das PeTés,
AELES e demais tropa,
moita xentiña vos hai
paseando pola Pobra.

Xa no Entroido pasado
falamos moito das obras;
por fin están rematadas
e temos as aulas novas.

Pero, olliño cos servizos;
eu penso que nas cisternas
ademais de pór papel
fainos falta unha lanterna.

Que, en canto lle dás á billa
e vas collendo xabón,
xa quedas nas catacumbas
e con cara de pasmón.

Polo demais, moi moderno,
todo con cores á moda;
que parece sempre Entroido
neste Colexio da Pobra.

E quen moito o agradeceu
como non, foivos Pilar;
agora saca o abrigo
porque ten calor de máis.

Miguel, moi desconcertado,
co Lugo e co Breogán;
ás veces non meten unha,
outras son da NBA.

A que non vos ten remedio
é a nosa amiga Sandra;
tantos anos neste centro
e aínda vén facer as prácticas.

Eu xa sei que esquezo algún,
que xa me falta a memoria,
mais para o ano que vén
pódelles cambiar a historia.

Se vos gustaron as coplas,
eu xa me sinto cumprido,
porque non che dan un peso
dende o equipo directivo.

E xa está ben, meus amigos,
rematou o repertorio,
que xa comestes abondo
e eu vou correr o Entroido

Todos os anos vos lembro
que vivades o Entroido,
ide comendo e bebendo
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, febreiro de 2020

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2021

Non é doado, despois de tantos anos, vivir un entroido tan descafeinado. Botaremos de falta a comida de sempre, cos compañeiros xubilados; tamén os desfiles pola Pobra, pola pista cuberta, a conga final, tantas cousas…

Todos estamos cansos, aburridos, por veces asustados, desconcertados, responsabilizados, épicos, virtualizados, confinados…

Mais, compañeiros e compañeiras, nunca choveu que non escampara. O Centro volverá levantarse, e regresarán as risas ás aulas e aos corredores. Oxalá este Entroido sexa, de verdade, o inicio dunha nova primavera para todos.

Así que, meus amiguiños, o «bicho» non vai impedir que sigamos coa tradición. Aí quedan unhas copliñas, como sempre foi dende hai xa ben anos.

Viva o entroido!

Meus prezados compañeiros,
aínda que pareza moito,
só pasaron doce meses
e xa estamos noutro entroido.

Moi axiña pasa o tempo
neste mundo mentireiro;
celebramos outro entroido
e co mesmo conselleiro.

Xa chegamos ao Entroido,
profesores do Piñeiro;
este ano vénvos doente
e algo madrugadeiro.

Outra volta co Entroido,
que se adiantou a febreiro,
e que nos curtiu os coiros
con choiva, frío e neveiros.

O outono veu moi quente…
Carallo, xaneiro, non!
Que llo digan aos das gardas;
non gañan pra «Bisolvon».

Hai que pedir uniformes,
roupa boa de campaña;
tamén a Garda Civil
se abriga ben na montaña.

Eu só soño con cacholas,
botelo, lacón e dentes;
núbranme a vista as nabizas,
vou ter que poñer os lentes.

Ben sabedes que non son
amigo de andar a contos;
pero de algo hai que falar,
senón non sería Entroido.

Malia que, neste ano,
non anda a cousa moi ben,
iremos cunhas copliñas
por facer o paripé.

Como estamos nestas datas,
que non vos pareza mal,
vouvos ler logo as copliñas
que xa é tradicional.

Esperemos que a cachucha,
o botelo e o chourizo,
os grelos e un bo lacón
dean liquidado ao bicho.

Xusto despois do entroido,
(refírome ao ano pasado),
por mor do escornavirus
axiña nos confinaron.

E empezamos o calvario
do ensino virtual,
a golpe de ordenador
e de grupos de «guasap».

Fomos rematando o curso
e non houbo despedida;
marchamos todos á casa
sen unha triste comida.

E volvemos en setembro
ao ensino presencial,
pasando polos cursiños
da «Educación Vial».

Había que ver á Sonia
coas plantillas de cartón,
e Benxamín cunha brocha
pintando no formigón.

Así que o profesorado
tivo traballo de sobra;
deixamos a educación
polo de Vías e Obras.

Investimos os aforros,
iso si, a prezo módico,
nunhas accións moi rendibles,
as do xel hidroalcólico.

E dígolle ao director
que moita falta facía
pedir para o comedor
axudas da hostelería.

Na Xunta segue Feijoó
e Gayoso no Luar,
pero parece un milagre
que xa non esté Donald Trump.

Iso que se resistiu,
asaltou o Capitolio
cun fato de voluntarios
á fronte do home dos cornos.

A «conamía» vai ben,
imos saíndo do túnel;
algúns comen os chourizos
e a outros déixannos o fume.

Hai quen di que é un desastre,
que nos cargamos o PIB;
ou pagamos máis impostos
ou fundimos o país.

Ide preparando o corpo
prá reforma das pensións;
non imos poder comer
nin chourizos nin lacóns.

Ide sachando na horta
e plantando unhas verciñas;
ide criando un porquiño
e atendendo unhas galiñas.

Son tempos de austeridade,
seica non hai nin un peso,
e as nosas autoridades
xa comen o pan reseso.

Temos que ser solidarios,
hai que traballar máis horas;
rematouse o que se daba,
rematouse a sopa boba…

Profesoras de infantil,
xa está ben de non rascala…
Veña, a cambiar cueiros,
e cantádelle unhas nanas.

Profesores de Primaria,
veña, que non dades golpe;
despois vén o informe Pisa
e así o pelo nos loce.

Da xente de Secundaria
é mellor non dicir nada,
porque saen os alumnos
sen saber cubrir un mapa.

Algo de sumas e restas,
se non o credes, mirade;
nada de multiplicar,
iso é da Universidade.

Escribir, van escribindo,
pero non llo mandes ler:
diranche que non o entenden,
que lles produces estrés.

Imos cambiando de tema,
que xa está ben de chorar:
entraremos en materia,
que hai moito que latricar.

Estiveron moi de moda
e volven á actualidade
das miñas coplas de entroido
varias personalidades.

Urdangarín, case ceibe,
pasou de «duque empalmado»
a permisos carcerarios
co salario recortado.

Tamén estaba Cifuentes,
que anda polos xulgados,
polo caso daquel máster
bastante falsificado.

O Emérito, emigrado,
sempre detrás dun pendón;
non tivo ningunha culpa
de nacer sendo Borbón.

Meteuse en certos problemas
por servos tan campechano;
esquecéuselle pagar
impostos ano tras ano.

Agora anda cos árabes,
moita dúbida non ten;
non atopou mellor sitio
que eles son moito de harén.

Pero, para vellas glorias
das novas máis escollidas,
está a volta de Bárcenas
cantando por bulerías.

Xa vai sacar a libreta
toda cheíña de nomes;
e sae un F punto Seoane
e outro M punto Flores.

Pois a min sóanme os nomes,
que adoito ser ben cismón,
pero con eses datos
calquera sabe quen son…

Mais, no tocante aos números,
e non quero dicir nada,
parece que todo apunta
á «camorra matemática».

De súpeto vénme o sentido:
por iso quixo Belén
deixar a vida bohemia
pra vivir a todo tren.

Resulta que os «pitagóricos»,
entre derroche e derroche,
vanlle dando solucións
para que cambie de coche.

Os profes de matemáticas
teñen moito que aprender;
nos teoremas de Bárcenas,
dúas máis unha son seis.

Eu xa vou atando cabos,
que moitos ordenadores
aparecen machucados
a martelazos feroces.

E vexo que Xosé Antonio
non dá amañado a desfeita;
tenos aí amontoados
naquela taquilla estreita.

Nas novas tecnoloxías
haivos bastante trangallo;
ás veces parece isto
a sucursal do Pentágono.

Eu non sei a onde imos
con tanto aparello novo;
cada vez toleamos máis
ao pobre de Xosé Antonio.

Xa vos dixen no seu tempo
que algo cheiraba a podre:
as visitas de Yolanda
sempre cargada de sobres.

Vai ter que pór moita orde
a miña amiga Manuela;
mentádelle a Robespierre
e xa empeza a dar candela.

Como pasa cada ano,
renovamos a plantilla;
moita rapazada nova
que non matan unha pita.

Cos novos, eu non me meto,
xa sabedes o que hai…
Hainos que ir invernando
e, despois, xa Deus dirá.

A min mosquéame moito,
non sei se é unha indirecta,
mandoume a consellería
á compañeira Vanessa.

Quérenme nun balneario,
dábamo a min o nariz;
por iso veu a rapaza
das terras de Guitiriz.

Ángeles, Xefa de Estudos,
moito vos quere abarcar;
dá clase á primeira hora,
despois reparte mazás.

Aínda nos queda Carmelo,
o rei da ventilación;
os virus andan mangados
a punto de rendición.

O malo é para Pilar,
a bióloga de Monforte;
semella tan abrigada
Amundsen no Polo Norte.

Veunos unha tal Cristina,
(moito fala esa muller…);
á mañá nos corredores
parece a cadea Ser.

Pero tenvos tertulianas
que non lle andan á zaga;
refírome á amiga Chus
e á Xefa de Estudos Marta.

Carmelo perdeu ben puntos
na máquina de café;
agora está ao mando Mila,
parente de Juan Valdés.

E non sei por que se empeña
en convidarte a café;
andarán algo na drogha
ela e máis o Miguel?

Porque eu vexo algo moi raro
cando poño os pés na sala;
que lle anda controlando
os horarios de chegada.

O que quixera o Miguel,
(vostedes xa saberán);
un pívot de dous cincuenta
xogando no Breogán.

As que vos viven moi ben
sonvos as de Infantil;
andan sempre de paseo
polo patio e o xardín

E non direi moito máis
aínda que podo dicilo;
deixaremos aos que quedan
para o próximo cocido.

E con isto xa remato
que non teño subvención;
nin un triste chouriciño,
nin un cativo lacón.

Como sempre, meus amigos,
xa sabedes o consello,
ide comendo e bebendo
que o Entroido hai que correlo.

E, se aínda vos sabe a pouco,
lembrade, compañeiriños,
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, febreiro de 2021
CPI Ramón Piñeiro

COPLAS DE ENTROIDO - ANO 2022

Chega o Entroido, compañeiros,
época de chirigotas,
de comparsas e de máscaras
de cachuchas e filloas.

Ben sabedes, noutros tempos
estaba moi prohibido
por poderes clericais
que non vían máis que vicio.

O pobo, ben fastidiado,
o crego con barraganas,
o pobo, veña coresma
e o crego veña Pascua.

Mais corrían os botelos.
as cachuchas e os lacóns,
os chouriciños, os grelos,
o touciño e o xamón.

Agora cambiou a cousa
coa subida do IPC;
este ano, en vez de cocido
tomaremos un puré.

Meus prezados amiguiños,
disparouse xa a inflación;
non sei se o vindeiro mes
teremos calefacción.

Onte saquei corenta euros,
que tiña seco o turismo;
o empregado escarallouse:
Que fai vostede con iso?

Xa levamos moito tempo
facendo bos sacrificios,
vacina que te vacina
e non libramos do «bicho».

Dende que chegou «o bicho»
hai tanta ventilación
que tivemos profesores
en grao de conxelación.

Así que a moda do ano
na sala de profesores
reduciuse maiormente
a abrigos e cobertores.

Había que ver a Vicky
lucindo na pasarela
un longo abrigo castaño,
modelo de fina tela.

Tamén desfila a Patricia
con cazadora e con gorra,
modelo fino de inverno
para ir esquiar a Andorra.

E trunfaron as bufandas
e prendas para o pescozo,
que, ao andar nos corredores,
chégache o frío ata os ósos.

Niso leva a palma Elba,
que, como vén de Santiago,
só se lle ven os ollos
co foulard arrodelado.

E, que dicir de Manuela,
seareira de Marat,
está cambiando o seu look
pola moda de Rabat.

Viste unha grande chilaba;
paréceme moito a min
que cambia a Revolución
pola cabila de Abd-el-Krim.

E non quero falar máis,
de Pilar non digo nada,
porque co frío que pasa
non articula palabra.

Imos cambiando de póla,
hai moito que latricar,
novo bloque informativo,
parece o telexornal.

Eu, que sempre leo o Hola,
revista sensacional,
estou case sempre ao día
das cousas da Casa Real.

Como vos pasa o tempo!
como medrou a princesa!
Xa temos a Leonor
de Erasmus por Inglaterra.

O que tamén emigrou
é o emérito a Emiratos,
que non vos é moi mal sitio
se levas os gastos pagos.

E xa o dixo Rajoy:
«non sei por que está aló»…
Que llo pregunte ao fillo,
Felipiño de Borbón.

Agora, a Casa Real
seica din que moito aforra,
que mesmo a raíña Leticia
leva vestidos da sogra.

A que leva bo camiño
é Victoria Federica,
veña festa e veña festa,
que a vida son catro días.

Sentín ben perderlle a pista
ao simpático Froilán;
seica rematou a ESO
e quere ser capelán.

Non vai o Urdangarín,
célebre Duque empalmado,
e bota unha nova moza
para rematar o ano?

Como manda o protocolo,
comunicaron á audiencia
que el e mais a Cristina
«cesaron a convivencia».

Aínda que, últimas noticias
de xente ben informada,
din que igual pide perdón
e que non vai pasar nada.

Non sei se terá que ver
o soldo de mileurista;
el está acostumado
a ser o amo da pista.

Así que, moi ben mirado,
prefire volver á casa,
polo menos asegura
os garavanzos coa infanta.

Seguindo coas monarquías,
(que me perdoe Manuela),
teño que falar un pouco
da raíña de Inglaterra.

Esa non solta a coroa,
nin que veña un bo tornado;
cando Carlos chegue a rei
é un pobre xubilado.

Parece que a soberana
tivo que abrir a carteira;
catorce millóns de nada
e o Andrés libre de xeiras.

Porque, xa di a xustiza,
o descendente de lores
tiña centos de contactos
cunhas rapazas menores.

En Infantil, este ano,
aínda vos hai rapazada,
e máis dalgún anxelote
que berra a gorxa rachada.

Veñen dando moita guerra
estas novas xeracións;
como sigamos en racha
vai haber xubilacións.

E xa teñen que actuar
as forzas da represión;
hai pouco que vin a Sonia
metendo a un en prisión.

Alí quedou, preventivo,
con Marta no seu despacho,
ata que lle decretaron
a liberdade con cargos.

A verdade, estes rapaces
van moi santiños na fila,
mais cando os ceiban un pouco
son o cabalo de Atila.

Polo demais, van tirando
estas profes de Infantil,
aínda que vaian tomando
algún que outro «Nolotil».

Xa sabedes que este ano
fóronse Carmelo e Sol,
e houbo que recorrer
a xente da inmigración.

Así que Ánxeles e Carlos
foron un día a Santiago
e ficháronnos a Elba,
e a Carmen en Cambados.

Tamén despediu en pleno
Rubén a Petés e Aeles,
e fichou pra orientación
dous homes e dúas mulleres.

Xa sabedes, eses que andan
espesos nos corredores;
mareando ben aos rapaces
con cousas de moitas cores.

O orientador anda bravo,
bravo coma un teixugo;
xa me empeza a parecer
ese presidente ruso.

Se tiveramos desfile,
que ben ía de «Putín»,
mentres soa a balalaika
que lle pincha o Benjamín.

Porque, amigos, coa pandemia,
parecemos todos monxas;
hai poucas ganas de troula
e non facemos a conga.

Se vivimos, para o ano,
comeremos nesta sala,
como fixemos sempre
que somos xente de farra.

Hai que volver ao polbo,
ao menos en San Froilán,
e uns coellos á terra
tampouco virían mal.

Este ano hai xente nova,
Deus nos dea mocidade,
que certa parte do claustro
imos pra terceira idade.

Pola marcha de Carmelo
produciuse unha vacante,
a máquina de café,
que é unha praza interesante.

Para cubrir esa praza
decidiu a dirección
que era máis que procedente
un concurso oposición.

Presentáronlle a Yolanda
solicitudes a pilas,
ao final dérona a dedo,
fíxose coa praza Mila.

A secta dos pitagóricos
parece que anda tranquila;
algo andan argallando,
que é xente moi devecida.

Este ano, o noso cole
anda a tope co Breogán;
Miguel, no medio da grada
e o orientador detrás.

Benjamín, alá no fondo,
enfronte está o director;
e unhas gradas máis abaixo
este humilde servidor.

Só nos faltaba Belén,
a profesora de música,
pra celebrar as canastras
triplas de Dzanan Musa.

Os que montaron bo lío
foron Casado e Ayuso,
pois deixaron ao PP
un pouco patidifuso.

Parece que os de Génova
deles mesmos non se fían;
e para buscar papeis
enviáronlle un espía.

Todo pola pandemia
e unha pobre comisión
que cobrou Tomás Ayuso
nunha difícil misión.

Tivo que andar dando voltas
e buscar a mercancía;
vendeu viño de batalla
a prezo de bo Mencía.

Pois veremos o que pasa
coa difícil situación;
pero para poñer paces
xa foi alá o Feijoo.

O que anda preocupado
é un tal Toni Cantó,
colocado por Ayuso
na Oficina do español.

Porque é moi necesario,
paréceme moito a min,
defender «el castellano»
no concello de Madrid.

Que hai moita xente de fóra
falando linguas moi raras;
ata falan o galego
polas rúas e nas prazas.

Mesmo vinieron aquí,
a esta televisión,
esas chicas, «Tanxugueras»,
para ir a Eurovisión.

Y te querían cantar
en galego, valenciano,
en vasco, en catalán,
e incluso en asturiano.

Os da terceira idade
tamén andan cabreados,
que nas xestións bancarias
andan tolos polos bancos.

Despiden traballadores,
cobran boas comisións,
péchannos as oficinas
e fódennos as pensións.

Podía contar ben cousas,
porque aquí pasa de todo,
pero hai que ser comedido,
pouquiño a pouco, e amodo.

Que aquí vexo eu operarios
cableando polo teito;
non sei se non poñerán
os micrófonos a eito.

Así que rematarei,
non sei se tiven acerto,
que son un prexubilado
a punto de entrar no INSERSO.

Agora, meus amiguiños,
xa sabedes o consello:
ide comendo e bebendo
que o Entroido hai que correlo.

E, se aínda vos sabe a pouco,
lembrade, compañeiriños,
que tras dun ano vén outro.

Xurxo, febreiro de 2022.
CPI Ramón Piñeiro

OS AUTORES DESTAS CANTIGAS DO ENTROIDO

Jesús Rodríguez Álvarez (Xesús de Xorxe): n. 15/08/1918 - f. 07/08/1968)

Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Xurxo de Xorxe): n. 27/04/1954

Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL

1- O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Galega de Tradición Oral no Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 62. 2021.

2- O Proxecto CORGORAL. Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia. IV Congreso Galego de Antropoloxía. 2021.

3- Orixes e significados dos nomes de lugar das parroquias e lugares. Toponimia do Concello do Corgo. Reimp. *Lvcensia*, n.º 34. 2021.

4- O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo. *Corga*, n.º 8. 2021.

5- O Proxecto CORGORAL e o adiviñanceiro tradicional do Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 64. 2022.

6- Refraneiro tradicional do Corgo. *Lvcensia*, n.º 65. 2022.

7- Nomear a terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo. *Corga*, n.º 9. 2022.

8- Oficios tradicionais no Corgo: Toño do Carrizo, o último ferreiro. *Corga*, n.º 9. 2022.

9- *Os Cantares do Entroido no Corgo: 1945-2022*. Caderno monográfico especial, 2023.